



Audidores Asociados

**GALARIA EMPRESA PÚBLICA
DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A.
(Sociedade Unipersoal)**

**Informe de Auditoría Independiente
das Contas Anuais
ao 31 de Decembro de 2.024**



INDICE

Páxinas

Informe de Auditoría Independente	1-4
Contas Anuais ao 31 de Decembro de 2024	
Informe de Xestión ao 31 de Decembro de 2024	



INFORME DE AUDITORÍA
INDEPENDENTE

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

Á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, único accionista de
GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A.
(Sociedade Unipersoal).

Opinión

Auditamos as contas anuais de **GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A.(Sociedade Unipersoal)**, que comprenden o balance a 31 de decembro de 2024, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria, correspondentes ao exercicio rematado en dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade a 31 de decembro de 2024, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ó exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas describíense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España segundo o exixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectaran á necesaria independencia de modo que fora visto comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.



Aspectos máis relevantes da auditoría

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

Recoñecemento de ingresos

O recoñecemento de ingresos é unha área significativa e susceptible de incorrección material tanto polo número elevado de transaccións como pola súa imputación temporal ao peche do exercicio. Devanditos ingresos proceden fundamentalmente dos servizos de asistencia sanitaria prestados ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS) mediante un contrato programa asinado entre ambas as partes e que establece os servizos para realizar así como a contraprestación a económica a percibir que anualmente se plasman nas adendas ao mesmo, nas que tamén se recollen outras actividades adicionais á asistencial.

Procedementos aplicados.

Os nosos principais procedementos de auditoría incluíron ao peche do exercicio entre outros a análise e avaliación dos controis sobre o proceso de recoñecemento de ingresos prestados pola sociedade fundamentalmente ás distintas unidades asistenciais do SERGAS, a obtención de confirmacións da totalidade destas unidades asistenciais así como doutros debedores pendentes de cobro, realizando no seu caso, procedementos alternativos de comprobación mediante documentación soporte xustificativa. Así mesmo, realizamos unha comprobación do cumprimento das condicións establecidas no contrato programa e da adenda correspondente ao exercicio

Outra información: Informe de xestión

A outra información comprende exclusivamente o informe de xestión do exercicio 2024, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co exixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordancia do informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas así como en avaliar e informar de se o contido e presentación do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluimos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar de elo.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito no parágrafo anterior, a información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2024 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.



Otras cuestiones:

Na data 5 de abril de 2024 outros auditores emitiron o seu informe de auditoría acaron das contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2023 na que expresaron unha opinión favorable.

Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os administradores son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas con empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a Sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión. Seguridade razoable é un alto grado de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora de auditoría de contas en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder a ditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso de unha incorrección material debida a erro, xa que o fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.



- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar una opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre si existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poidan xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Sen embargo, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría. Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos estes riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

AUDITORES ASOCIADOS AAGC, S.A.P.

Miembro nº S 293 del ROAC

f/ Juan B. de la Salle Barreiro Pérez (2.583)

Socio-Auditor.

15 de abril de 2025.

33198251M JUAN
BAUTISTA DE LA SALLE
BARREIRO (R:
A15105638)

Firmado digitalmente por
33198251M JUAN BAUTISTA DE LA
SALLE BARREIRO (R: A15105638)
Fecha: 2025.04.15 10:57:00 +02'00'

**GALARIA,
Empresa Pública de
Servizos Sanitarios, S.A.
(Sociedade Unipersoal)**

Contas Anuais do exercicio
terminado o 31 de decembro de 2024
e Informe de Xestión, xunto
co Informe de Auditoría



GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A.U.

BALANCE AO 31 DE DECEMBRO DE 2024 (NOTAS 1 A 4)

(Euros)

ACTIVO	Notas da Memoria	31.12.24	31.12.23	PATRIMONIO NETO E PASIVO	Notas da Memoria	31.12.24	31.12.23
A) ACTIVO NON CORRENTE:				A) PATRIMONIO NETO:			
I. Inmobilizado Intanxible-	6	18.805	25.285	A-1) FONDOS PROPIOS-	8	3.001.847	3.358.309
5. Aplicacións informáticas		18.805	25.285	I. Capital	1	1.275.362	1.275.362
II. Inmobilizado material-	5	6.017.481	6.541.818	1. Capital escriturado		1.275.362	1.275.362
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material		6.017.481	5.345.167	II. Reservas-	1 e 2.i	2.034.437	1.985.927
3. Inmobilizado en curso e anticipos		-	1.196.651	1. Reserva legal		420.708	420.708
IV. Inversións a longo prazo en empresas do grupo, e asociadas-	8	129.000	129.000	2. Outras reservas		1.613.729	1.565.219
1. Instrumentos de patrimonio		129.000	129.000	VII. Resultado do exercicio		(307.952)	97.020
VI. Activos por imposto diferido	10	334.055	238.212	A-3) SUBVENCIONs, DOAZONs E LEGADOS RECIBIDOS-	13	1.959.010	2.183.764
Total activo non corrente		6.499.341	6.934.315	1. Subvencións, doazóns e legados recibidos		1.959.010	2.183.764
				Total patrimonio neto		4.960.857	5.542.073
B) ACTIVO CORRENTE:				B) PASIVO NON CORRENTE:			
II. Existencias-	9	67.058	33.905	I. Provisións a longo prazo	12	5.172	-
2. Material sanitario de consumo		67.058	33.905	4. Outras provisiones		5.172	-
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar-	8	4.884.832	3.065.554	II. Débedas a longo prazo-		737.379	1.309.920
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		85.109	95.826	3. Acredores por arrendamento financeiro	7	700.379	1.182.546
3. Debedores varios		13.131	30	5. Outros pasivos financeiros	13	37.000	127.374
4. Persoal		2.923	5.748	IV. Pasivos por imposto diferido	10	685.112	727.921
5. Activos por imposto corrente		6.082	70.415	Total pasivo non corrente		1.427.663	2.037.841
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	10	4.777.587	2.893.535	C) PASIVO CORRENTE:			
VI. Periodificacións a curto prazo		2.639	-	III. Débedas a curto prazo-	8	925.536	794.404
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes-	8	73.834	1.710.839	3. Acredores por arrendamento financeiro	7	482.230	469.613
1. Tesorería		73.834	1.710.839	5. Outros pasivos financeiros	3, 8 e 13	443.306	324.791
Total activo corrente		5.028.363	4.810.298	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar-	8	4.213.648	3.370.295
TOTAL ACTIVO		11.527.704	11.744.613	1. Proveedores		1.882.473	417.606
				2. Proveedores, empresas do grupo e asociadas		1.114.107	1.837.271
				4. Persoal		294.969	248.196
				6. Outras débedas coas Administracións Públicas	10	922.099	867.222
				Total pasivo corrente		5.139.184	4.164.699
				TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO		11.527.704	11.744.613

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante do balance ao 31 de decembro de 2024.

Data de formulación: 31 de marzo de 2025.

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A.U.

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DO EXERCICIO ANUAL

REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2024 (NOTAS 1 A 4)

(Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2024	Exercicio 2023
A) OPERACIONES CONTINUADAS:			
1. Importe neto da cifra de negocios-	11	539.027	416.257
b. Venta de radiofármacos e prestación de servizos		539.027	416.257
4. Aprovevisionamientos	11	(6.368.108)	(4.713.393)
a. Consumo de produtos farmacéuticos e material sanitario		(3.166.723)	(2.980.274)
c. Traballos realizados por outras empresas		(3.200.333)	(1.733.980)
d. Deterioro de mercaderías e outros aprovisionamentos	9	(1.052)	861
5. Outros ingresos de explotación		21.352.384	18.977.293
a. Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		16.108	78.241
b. Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio	13	21.336.276	18.899.052
6. Gastos de persoal-	11	(11.866.703)	(10.797.029)
a. Soldos, salarios e asimilados		(9.928.832)	(9.045.326)
b. Cargas sociais		(1.937.871)	(1.751.703)
7. Outros gastos de explotación-		(3.100.394)	(2.856.649)
a. Servizos exteriores	1 e 7	(3.084.505)	(3.398.403)
b. Tributos		(14.425)	(16.486)
c. Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	8	-	558.329
d. Outros gastos de xestión corrente		(1.464)	(89)
8. Amortización do inmovilizado	5 e 6	(1.192.721)	(832.651)
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	13	299.671	-
10. Exceso de provisións	12	-	7.592
11. Deterioro e resultados por enaxenación do inmovilizado	5	(10.816)	(569)
b. Resultados por enaxenacións e outros		(10.816)	(569)
12. Outros resultados	11	38.137	(986)
A-1) RESULTADO DE EXPLOTACION		(309.523)	199.865
13. Ingresos financeiros-		19.581	12.429
b. De valores negociables e outros instrumentos financeiros		19.581	12.429
14. Gastos financeiros-	8	(81.745)	(82.576)
b. Por débedas con terceiros		(81.745)	(82.576)
A-2) RESULTADO FINANCIERO		(62.164)	(70.147)
A-3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		(371.687)	129.718
17. Imposto sobre beneficios	10	63.735	(32.698)
A-4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓN CONTINUADAS		(307.952)	97.020
A-5) RESULTADO DO EXERCICIO		(307.952)	97.020

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante da conta de perdas e ganancias correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024.

Data de formulación: 31 de marzo de 2025.

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, S.A.U.

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO DO EXERCICIO ANUAL

REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2024 (NOTAS 1 A 4)

(Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2024	Exercicio 2023
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN:			
1. Resultado do exercicio antes de impostos		(371.687)	129.718
2. Axustes ao resultado-		972.254	336.585
a. Amortización do inmovilizado	5 e 6	1.192.721	832.651
b. Correccións valorativas por deterioro	8 e 9	1.052	(559.190)
c. Variación de provisións	4, j e 12	5.172	(7.592)
d. Imputación de subvencións	13	(299.671)	-
e. Resultados por baixas e enaxenacións do inmovilizado	5	10.816	569
f. Ingresos financeiros		(19.581)	(12.429)
g. Gastos financeiros	8	81.745	82.576
3. Cambios no capital corrente-		(20.852.081)	(17.868.264)
a. Existencias		(34.205)	28.032
b. Debedores e outras contas a cobrar		(21.661.229)	(17.953.508)
d. Acredores y outras contas a pagar		843.353	57.212
4. Outros fluxos de efectivo de las actividades de explotación-		2.170	(87.659)
a. Pagos de intereses		(81.745)	(82.576)
c. Cobros de intereses		19.581	12.429
d. Cobros (pagos) por imposto sobre beneficios		64.334	(17.512)
5. TOTAL FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4):		(20.249.344)	(17.489.620)
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN:			
6. Pagos por inversión-		(672.720)	(2.598.960)
b. Inmovilizado intanxible	6	(18.089)	-
c. Inmovilizado material	5	(654.631)	(2.598.960)
7. TOTAL FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVERSIÓN (6):		(672.720)	(2.598.960)
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN:			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio-		19.687.605	16.934.304
e. Subvencións, donacións e legados recibidos	2.e	19.687.605	16.934.304
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro-		(202.546)	1.322.327
a. Emisión:		267.004	128.539
5. Outras débedas		267.004	128.539
b. Devolución e amortización de:		(469.550)	(467.860)
2. Débedas con entidades de crédito		(469.550)	(467.860)
e. Subvencións, donacións e legados recibidos	13	-	1.661.648
1. Subvebcións de capital		-	1.661.648
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio		(200.000)	-
a. Dividendos	3	(200.000)	-
10. TOTAL FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN (8+9):		19.285.059	18.256.631
D) AUMENTO/(DISMINUCIÓN) NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+10):		(1.637.005)	(1.831.949)
Efectivo o equivalentes al comienzo del ejercicio		1.710.839	3.542.788
Efectivo o equivalentes al final del ejercicio	8	73.834	1.710.839

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante do estado de fluxos de efectivo correspondente ao exercicio rematado o 31 de decembro de 2024.

Fecha de formulación: 31 de marzo de 2025.

GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U.

ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO DO EXERCICIO

ANUAL REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2024 (NOTAS 1 A 4)

(Euros)

A) ESTADO DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS

	Notas da Memoria	Exercicio 2024	Exercicio 2023
A) RESULTADO DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	3	(307.952)	97.020
Ingresos e gastos imputados directamente ao patrimonio neto-	13	-	1.661.648
Subvencións, donacións e legados recibidos		-	(415.412)
Efecto impositivo		-	1.246.236
TOTAL INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (II)			
Transferencias á conta de perdas e ganancias-			
VIII Subvencións, donacións e legados recibidos	13	(299.671)	-
IX. Efecto impositivo	13	74.917	-
C) TOTAL TRANSFERENCIAS Á CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		(224.754)	-
TOTAL INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS (A+B)		(532.706)	1.343.256

B) ESTADO TOTAL DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO

	Capital	Reserva Legal	Outras Reservas	Resultado do Exercicio	Subvencións Donacións e Legados	Total
A) SALDO FINAL DO EXERCICIO 2022	1.275.362	420.708	1.510.506	254.713	937.528	4.398.817
I. Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	97.020	1.246.236	1.343.256
II. Operacións con Socios o propietarios (Nota 1)	-	-	-	(200.000)	-	(200.000)
4. Distribución de dividendos (Nota 3)	-	-	-	(200.000)	-	(200.000)
III. Outras variacións do patrimonio neto	-	-	54.713	(54.713)	-	-
2. Distribución do resultado do exercicio 2022	-	-	54.713	(54.713)	-	-
B) SALDO FINAL DO EXERCICIO 2023	1.275.362	420.708	1.565.219	97.020	2.183.764	5.542.073
I. Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	-	(307.952)	(224.754)	(532.706)
II. Operacións con Socios o propietarios (Nota 1)	-	-	-	(48.510)	-	(48.510)
4. Distribución de dividendos (Nota 3)	-	-	-	(48.510)	-	(48.510)
III. Outras variacións do patrimonio neto	-	-	48.510	(48.510)	-	-
2. Distribución do resultado do exercicio 2023	-	-	48.510	(48.510)	-	-
D) SALDO FINAL DO EXERCICIO 2024	1.275.362	420.708	1.613.729	(307.952)	1.959.010	4.960.857

As Notas 1 a 18 da Memoria adxunta forman parte integrante do estado total de cambios no patrimonio neto do exercicio rematado o 31 de decembro de 2024.

Data de formulación: 31 de marzo de 2025.

GALARIA, empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. (Sociedade Unipersoal)

Memoria correspondente
ao exercicio anual terminado
o 31 de decembro de 2024

1. Constitución, réxime legal e actividade da Sociedade

Constitución-

O Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A. (Sociedade Unipersoal) constituíuse mediante o Decreto 229/1994 do 14 de xullo de 1994, sendo elevada a público mediante escritura outorgada ante o notario de Santiago D. Domingo Gutiérrez Aller o 11 de decembro de 1994, e inscrita no Rexistro Mercantil no tomo 152, folio 52, folia número C-12001.

O Decreto 209/2008 do 28 de decembro modifica a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica S.A., pasando a denominarse GALARIA, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A. (Sociedade Unipersoal) (en adiante, a Sociedade) e tendo a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Xunta de Galicia para a execución de actividades que lle sexan encomendadas.

O Consello de Administración, na reunión celebrada o 30 de novembro de 2010, autorizou o cambio do domicilio social da Sociedade ao Edificio Administrativo San Lázaro, 3º andar, 15703 Santiago de Compostela.

Ten asignado o C.I.F. número A15476740.

Réxime legal-

A Sociedade réxese polos seus Estatutos, Código de Comercio, Lei de Sociedades de Capital e demais disposicións legais aplicables a este tipo de Sociedades.

Actividades-

As instalacións operativas das Unidades Asistenciais durante o 2024 atópanse situadas no Hospital do Meixoeiro e no Hospital Álvaro Cunqueiro en Vigo, no Hospital Santa María Nai de Ourense, no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e posúe tamén tres centros de resonancia móbil en itinerancia (incrementadas temporalmente a catro durante 2024).

As actividades ás que se dedicou a Sociedade ao longo do ano 2024 tiveron dous eixos centrais:

1. Xestión integral de unidades asistenciais de Alta Tecnoloxía e da unidade de produción de Radiofármacos Pet de Galicia.
2. Asesoramento e consultoría no eido sanitario de equipamento electromédico, así como as actividades de protección radiolóxica e radiofísica hospitalaria.

Durante 2024 avanzouse no proxecto de alta tecnoloxía sanitaria destinado a dotar á Comunidade autónoma dun punteiro Centro de fabricación propia de medicamentos CAR-T, sendo as súas instalacións operativas no antigo Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos situado no Monte da Condesa de Santiago de Compostela.

Igualmente participou activamente en diferentes proxectos de economía circular vinculados co ámbito sanitario, así como na difusión da estratexia de economía circular do Servizo Galego de Saúde.

A Sociedade realiza a parte esencial da súa actividade co Servizo Galego de Saúde, e a principal actividade desenvolvida consistiu na xestión das Unidades de Medicina Nuclear (Vigo e Ourense), Diagnóstico por Imaxe (resonancias móbiles), Oncoloxía Radioterapia (Vigo) e produción de radiofármacos Pet (FDG e F_Colina).

A relación entre a Sociedade e o Servizo Galego de Saúde regúlase principalmente a través dun documento denominado "contrato-programa" asinado entre ambas partes, no que se poñen de manifesto os servizos que debe prestar a Sociedade e as contraprestacións económicas a percibir pola realización destes servizos, as cantidades coas que ten que compensar pola prestación de servizos aos Hospitais onde desenvolve a actividade de Alta Tecnoloxía; así como os criterios de calidade que deben reunir ditas prestacións .

Outra información-

Contrato programa-

Como se menciona no apartado anterior a relación entre a Sociedade e o Servizo Galego de Saúde regúlase principalmente a través dun documento denominado "contrato-programa" asinado entre ambas partes. Con data 29 de decembro de 2022 o Consello da Xunta de Galicia autorizou a *"aprobación do contrato programa entre o Servizo galego de Saúde e Galaria para a realización de servizos de alta tecnoloxía sanitaria, consultoría, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria, servizos de protección radiolóxica, xestión do centro de produción de fármacos, xestión do servizo de atención ao teléfono único do sergas, a prestación de servizos de xestión ordinaria e administración e outras actividades conexas e consecuentes co obxecto social da empresa Galaria, que se acorden co Servizo Galego de Saúde"*.

Para o financiamento dos custes xenéricos incorridos pola Sociedade pola actividade descrita neste contrato programa, dispónse dun orzamento estimado de 17.170.739 euros para o ano 2023, e 17.492.003 euros para o exercicio 2024. Así mesmo a Sociedade contou no seu orzamento para o ano 2023 con 838.542 euros en concepto de transferencia de capital para a realización de inversións no Centro de terapias avanzadas de Galicia (Car-T).

A vixencia deste contrato programa e por dous anos prorrogable ate un prazo máximo de catro anos.

No contrato programa ponse de manifesto os servizos que debe prestar a Sociedade e o importe da contraprestación económica total a percibir pola realización destes servizos, os obxectivos a cumprir; así como os criterios de calidade que deben reunir ditas prestacións.

1ª e 2ª Addenda ao Contrato programa-

No apartado décimo do contrato programa recóllese a posibilidade de establecer modificacións vinculadas a incorporación de novos módulos de actividade e polo incremento de servizos sanitarios para a realización de novas probas segundo se definan novas necesidades asistenciais a maiores das fixadas no contrato programa vixente.

Con data 7 de decembro de 2023 o Consello da Xunta de Galicia acordou autorizar a primeira Addenda ao contrato programa entre o Servizo Galego de Saúde e Galaria para a incorporación de: un novo módulo vinculado con proxectos de Economía circular; asumir unha maior actividade asistencial nas unidades de resonancia magnética móbil (incremento significativo da demanda), e oncoloxía radioterápica (asumir temporalmente paciente da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras consecuencia da substitución dos seus aceleradores lineais; e por último financeiro o efecto económico vinculado á actualización dos importes asociados aos programas de auto concertación.

Para o financiamento dos custes xenéricos incorridos pola Sociedade pola actividade adicional descrita na 1ª Addenda ao contrato programa, dispónse dun orzamento adicional estimado de 1.375.898 euros.

Para o financiamento da actividade adicional realizada en 2024 respecto da fixada no contrato programa e para o proxecto de economía circular, formalizouse a segunda addenda ao contrato programa autorizada polo Consello da Xunta Galicia na súa reunión de data 27 de decembro de 2024. Adicionalmente na mesma reunión do Consello da Xunta de Galicia aprobou prorrogar nas mesmas condicións o actual contrato programa para o exercicio 2025 por importe total de 18.961.573 euros

Para o financiamento dos custes incorridos pola Sociedade pola actividade adicional descrita na 2ª Addenda ao contrato programa, dispónse dun orzamento adicional estimado de 3.685.292 euros. Así mesmo, para o financiamento da actividade asociada ao proxecto de economía circular asignase un importe de 50.000 euros.

Modificación estatutaria-

- Reunións telemáticas.

Con motivo da pandemia da COVID-19 e as restricións de movemento que se estableceron, quedaron limitados os desprazamentos dos membros dos órganos societarios e dos socios, o que tivo incidencia no normal desenvolvemento das súas sesións.

Así, o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, e posteriormente o Real Decreto-lei 34/2020, de 17 de novembro, de medidas urxentes de apoio á solvencia empresarial e ao sector enerxético, e en materia tributaria, incluíron a opción de celebrar exclusivamente de xeito telemático tanto as Xuntas xerais coma as reunións do órgano de administración

A perda de vixencia do soporte normativo xerado durante a pandemia para manter este tipo de reunións, fai necesario que, para seguir mantendo a posibilidade da celebración de sesións telemáticas dos órganos societarios, cómpre abordar a necesaria modificación estatutaria, no sentido de incluír a opción de celebrar xuntas e sesións telemáticas do órgano de administración. Deste xeito, incorporouse nos artigos dos estatutos sociais vinculados coa celebración de Consellos de administración e Xunta xerais de accionistas a posibilidade de *"celebrarse de forma presencial ou telemática, sempre que os asistentes estean interconectados entre si por videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación dos mesmos e a permanente comunicación entre eles"*.

- Modificación obxecto social

A crecente importancia da investigación e a innovación no sector sanitario ten unha repercusión directa no tratamento, prevención e diagnóstico de enfermidades e, en consecuencia, na organización e xestión dos medios e dispositivos existentes para a súa aplicación directa polos servizos sanitarios.

Galaria, en canto xestora de infraestruturas sanitarias, e prestadora de servizos non pode quedar allea a este sector de actividade, polo que se propón a modificación dos estatutos a fin de incluír no obxecto social a participación de Galaria en actividades de I+D+i, engadindo un novo apartado e) ao artigo 2, coa seguinte redacción:

"e) A participación en iniciativas, proxectos ou actividades de I+D+i en Biomedicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde e outras relacionadas co sector sanitario que permitan a xeración de coñecemento científico ou tecnolóxico no ámbito da saúde, así como su aplicación e transferencia, sen perxuízo das competencias da axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)".

Estas modificacións estatutarias foron aprobadas polo Consello de administración de Galaria na súa reunión de data 11 de outubro de 2022 e polo Consello da Xunta de Galicia o 26 de xaneiro de 2023, para finalmente aprobarse polo Accionista Único na Xunta Xeral de Accionistas o 30 de xaneiro de 2023

Convenio de cesión de equipamento-

Por resolución do 30 de agosto de 2013, da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, anunciouse a licitación do contrato de colaboración entre o sector público e sector privado, mediante o procedemento de adxudicación de diálogo competitivo e co obxecto de dispoñer dunha solución global que cubriese as necesidades de realización de probas e procedementos de diagnóstico por imaxe, intervenciónismo, medicina nuclear e radioterapia no Servizo Galego de Saúde. Con data 15 de novembro de 2016 formalizouse un convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e Galaria, coa finalidade de por a disposición de varias unidades asistenciais da Sociedade diverso equipamento tecnolóxico subministrado a través do citado diálogo competitivo. Neste senso, o Servizo Galego de Saúde obrigase a por a disposición da Sociedade o equipamento recibido así como a velar polo cumprimento dos contratos coas empresas adxudicatarias e realizar a coordinación coa Sociedade das actuacións que resulten necesarias para garantir o mantemento e a continuidade da actividade asistencial. En contrapartida, a Sociedade asumirá os importes asociados ao equipamento cedido. O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2023 en concepto de arrendamentos ascendeu a 1.153.227 euros e atópase rexistrado no epígrafe "Outros gastos de explotación - Servizos exteriores" da conta de perdas e ganancias.

Por outra banda, con data 22 de outubro de 2015 formalizouse entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Amancio Ortega Gaona un convenio de colaboración polo que esa última doa a primeira os importes correspondentes aos custes de adquisición de diverso equipamento médico de última xeración para os centros

de diagnóstico e tratamento oncológico de Galicia; neste senso, corresponde aplicar a Galaria o importe subvencionado do custe dos equipos (aceleradores) a instalar na unidade de Oncoloxía radioterápica de Vigo dependente da Sociedade e que no ano 2023 ascendeu a 241.023 euros recollidos no epígrafe "Outros ingresos de explotación – Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdas e ganancias (Nota 13).

Finalizado o convenio anterior, no 2024 produciuse a cesión do equipamento de alta tecnoloxía adquirido polo Servizo Galego de Saúde no ámbito do Plan INVEAT do Ministerio de Sanidad. Este Plan ten por obxectivo o acceso á alta tecnoloxía sanitaria mellorando a calidade asistencial e a seguridade de pacientes e profesionais sanitarios. No caso de Galaria permitiu a actualización tecnolóxica de diverso equipamento en tódalas unidades asistenciais. O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2024 en concepto de arrendamentos ascendeu a 171.858 euros e atópase rexistrado no epígrafe "Outros gastos de explotación – Servizos exteriores" da conta de perdas e ganancias. Actualmente está pendente de formalizalo acordo de cesión do mencionado equipamento onde se recollerán as condicións da prestación.

2. Bases de presentación das contas anuais

a) Marco normativo de información financeira aplicable á Sociedade-

Estas contas anuais formuláronse polos Administradores de acordo co marco normativo de información financeira aplicable á Sociedade, que está establecido en:

1. Código de Comercio e restante lexislación mercantil.
2. Plan Xeral de Contabilidade aprobado polo Real Decreto 1514/2007, de 16 de novembro, e as súas modificacións posteriores, e as súas Adaptacións sectoriais, en particular, a Adaptación Sectorial do Plan Xeral de Contabilidade ás Empresas de Asistencia Sanitaria aprobado pola Orde de 23 de decembro de 1996, do Ministerio de Economía y Hacienda, pola que se aproban as Normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás Empresas de Asistencia Sanitaria (BOE de 6 de xaneiro de 1997).
3. As normas de obrigado cumprimento aprobadas polo Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas en desenvolvemento do Plan Xeral de Contabilidade e as súas normas complementarias.
4. O resto da normativa contable española que resulte aplicable.
5. Lei 5/2011, de 30 de setembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma Galega.
6. Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999 do 7 de outubro.
7. Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
8. Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.
9. Lei 9/2017, de 18 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que trasponse ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
10. Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
11. O resto da normativa financeira autonómica que resulte aplicable.

b) Imaxe fiel-

As presentes contas anuais, formuladas polos Administradores, foron obtidas dos rexistros contables da Sociedade e preséntanse da acordo co R.D. 1514/2007, de 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, de forma que mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da Sociedade e dos fluxos de efectivo producidos durante o exercicio 2024.

Si ben á data actual as contas anuais ao 31 de decembro de 2024 están pendentes de aprobación polo Accionista Único, o Consello de Administración non espera que se produzan cambios de significación nas mesmas como consecuencia de dita aprobación.

As contas anuais correspondentes ao exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2023 foron aprobadas polo Accionista Único na Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas celebrada o 27 de xuño de 2024, aprobándose a proposta de aplicación do resultado contra reservas por importe de 48.510 euros e a dividendos 48.510 euros segundo a proposta formulada polo Consello de Administración na reunión de data 31 de marzo de 2024, quedando como se indica no punto 3 das presentes contas anuais en prazo segundo a Orden JUS/794/2021, de 22 de xullo, pola que apróbanse os novos modelos para a presentación no Rexistro Mercantil das contas anuais dos suxeitos obrigados a súa publicación.

c) Principios contables non obrigatorios aplicados-

Non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Os Administradores da Sociedade formularon estas contas anuais tendo en consideración a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen un efecto significativo en ditas contas anuais. Non existe ningún principio contable que sendo obrigatorio, se deixara de aplicar.

d) Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza e xuízos relevantes na aplicación de políticas contables-

A Sociedade elaborou os seus estados financeiros do exercicio 2024 baixo o principio de empresa en funcionamento, tendo en conta a situación do exercicio 2024 e a situación actual, non existindo risco de continuidade na súa actividade.

A data de peche do exercicio non existen datos relevantes nin incerteza que poidan supoñer cambios significativos no valor dos activos e pasivos da empresa no exercicio seguinte, nin dúbidas sobre a posibilidade de que a empresa siga funcionando normalmente.

A preparación das contas anuais require que os Administradores da Sociedade realicen estimacións contables relevantes, xuízos, estimacións e hipóteses, que puideran afectar ás políticas contables adoptadas e ó importe dos activos, pasivos, ingresos, gastos e os desgloses con eles relacionados.

As estimacións e as hipóteses realizadas baséanse, entre outros, na experiencia histórica u outros feitos considerados razoables tendo en conta as circunstancias á data de peche, o resultado das cales representa a base de xuízo sobre o valor contable dos activos e pasivos non determinables dunha cantidade de forma inmediata.

Os resultados reais poderían manifestarse de forma diferente á estimada. Estas estimacións e xuízos avalíanse continuamente.

Algunhas estimacións contables considéranse significativas se a natureza das estimacións e supostos é material e se o impacto sobre a posición financeira ou o rendemento operativo é material.

Aínda que estas estimacións foron realizadas polos Administradores da Sociedade coa mellor información dispoñible ao peche de cada exercicio, aplicando a súa mellor estimación e coñecemento do mercado, é posible que eventuais acontecementos futuros obriguen á Sociedade a modificalas nos seguintes exercicios. De acordo coa lexislación vixente recoñecerase prospectivamente os efectos do cambio de estimación na conta de resultados.

Se detallan a continuación as principais estimacións e xuízos realizados pola Sociedade:

- A avaliación de posibles perdas por deterioro de saldos de contas a cobrar e activos financeiros (Nota 8).
- A vida útil dos activos intanxibles e materiais (Nota 4a e 4b).
- O cálculo de provisións e a avaliación de pasivos continxentes (Nota 12).

Durante o exercicio 2024 non se produciron cambios significativos nas estimacións realizadas ao peche do exercicio 2023.

e) Comparación da información-

As contas anuais presentan a efectos comparativos, con cada unha das partidas do balance, da conta de perdas e ganancias, do estado de cambios no patrimonio neto, do estado de fluxos de efectivo, e da memoria, ademais das cifras do exercicio 2024 as correspondentes ao exercicio anterior.

Para facilitala comparación da información modificáronse os epígrafes das Contas Anuais do exercicio 2023 relativos a "Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio – Subvencións, donacións e legados recibidos" do estado de fluxos de efectivo. A explicación de dita modificación é reflectir de forma independente os cobros por estes conceptos.

A Sociedade está obrigada a auditalas contas anuais do exercicio 2024, e auditou as do exercicio 2023 emitíndose con data 5 de abril de 2024 o correspondente informe por auditor independente.

f) Agrupación de partidas-

Non existen partidas de diferente concepto agrupadas nun mesmo saldo á data de peche do exercicio.

g) Elementos recollidos en varias partidas.

Ao 31 de decembro de 2024 non existen elementos que afecten a varias partidas do balance, nin existen partidas de diferente concepto agrupadas nun mesmo saldo, a excepción das procedentes da reclasificación de débedas a longo prazo polos vencementos a curto prazo.

h) Cambios en criterios contables

Durante o exercicio 2024 non se produciron cambios de criterios contables significativos respecto dos criterios aplicados no exercicio 2023.

i) Corrección de erros-

Na elaboración das contas anuais non se detectou ningún erro significativo que supoña a reexpresión dos importes incluídos nas contas anuais do exercicio terminado o 31 de decembro de 2023 a excepción do comentado na Nota 2.e.

j) Importancia relativa-

Na determinación da información a detallar na elaboración da presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros ou outros asuntos, a Sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa na relación coas contas anuais do exercicio 2024.

3. Distribución de resultados

A proposta de distribución do resultado do exercicio 2024 que os Administradores da Sociedade proporán o Accionista Único para a súa aprobación, así como a aplicación do resultado do exercicio 2023 xa aprobada consistirá en:

	Euros	
	2024	2023
Base de reparto:		
Beneficio do Exercicio	-	97.020
Perdas do Exercicio	(307.952)	-
	(307.952)	97.020
Distribución:		
A compensación de beneficios de exercicios futuros	(307.952)	-
Outras reservas	-	48.510
Dividendos	-	48.510
	(307.952)	97.020

Dividendos exercicios anteriores-

En exercicios anteriores, a Xunta Xeral de Accionistas nas súas reunións de 20 de xuño de 2014, 27 de xuño de 2016 e 19 de xuño de 2017 acordou o reparto como dividendos do resultado do exercicio 2013, do exercicio 2015 e do exercicio 2016 por importe de 36.825, 181.206 e 290.216 euros, respectivamente. Os dividendos do exercicio 2013 e 2015 foron abonados ao accionista único o 30 de decembro de 2016, e os correspondentes a 2016 foron aboados ao Accionista único o 22 de marzo de 2018.

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 19 de xuño de 2017 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2016, por importe de 290.216 euros. Este importe foi abonado ao Accionista único o 20 de marzo de 2018.

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 25 de xuño de 2018 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2017, por importe de 267.667 euros. Este importe foi abonado ao accionista único o 10 de decembro de 2018.

A Xunta Xeral de Accionistas na súa reunión do día 28 de xuño de 2019 acordou o reparto como dividendo do resultado do exercicio 2018, por importe de 382.506 euros. Este importe atópase pendente de pago e rexistrado no epígrafe "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance ao 31 de decembro de 2020. Este importe foi finalmente abonado o 14 e o 19 de xaneiro de 2022.

Con data 30 de xuño de 2022 a Xunta Xeral de Accionistas acordou a distribución do resultado do exercicio 2021 destinando 130.154 euros a reservas en compensación polas perdas producidas no exercicio 2021, e o reparto como dividendo por importe de 188.055 euros. Este importe foi abonado o 29 de decembro de 2022.

Adicionalmente, con data 28 de xuño de 2023 a Xunta Xeral de Accionistas acordou a distribución dun dividendo de 200.000 euros con cargo ao resultado do 2022, destinando 54.713 euros a reservas voluntarias da Sociedade. O importe do dividendo aprobado foi abonado o 18 de marzo de 2024.

Finalmente, con data 27 de xuño de 2024 a Xunta Xeral de Accionistas acordou a distribución dun dividendo de 48.510 euros con cargo ao resultado do 2023, destinando o mesmo importe a reservas voluntarias da Sociedade. O importe do dividendo aprobado foi abonado o 26 de febreiro de 2025.

4. Normas de rexistro e valoración

As principais normas de rexistro e valoración utilizadas pola Sociedade na elaboración de estas contas anuais do exercicio 2024, de acordo coas establecidas polo Plan Xeral de Contabilidade, foron as seguintes:

a) Inmobilizado intanxible-

Como norma xeral, o inmobilizado intanxible valorase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción. Posteriormente valorase o seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro experimentadas, conforme ao criterio mencionado na Nota 4-c.

A propiedade industrial e as aplicacións informáticas que se encontran rexistradas en este epígrafe de balance están valoradas ao seu prezo de adquisición e amortízanse linealmente nun prazo máximo de 5 e 3 anos, respectivamente, a partir do comezo da súa utilización.

O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2024 en concepto de amortización do inmobilizado intanxible ascendeu a 24.569 euros (26.568 euros en 2023) (véxase Nota 6) e atópase rexistrado no epígrafe "Amortización do inmobilizado" da conta de perdas e ganancias.

b) Inmobilizado material

O inmobilizado material valorase inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción, e posteriormente minórase pola correspondente amortización acumulada e as perdas por deterioro, se as houbera, conforme ao criterio mencionado na Nota 4-c. Adicionalmente, o prezo pagado pola adquisición de cada elemento, o custo tamén inclúe os gastos financeiros devengados durante o período de construción que sexan directamente atribuíbles á adquisición ou fabricación do activo, sempre que requiran un período de

tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, así como a mellor estimación do valor actual do importe continxente. Non obstante, os pagos continxentes que dependan de magnitudes relacionadas co desenvolvemento da actividade, contabilízanse como un gasto na conta de perdas e ganancias a medida en que se incorran. Durante os exercicios finalizados o 31 de decembro de 2024 e o 31 de decembro de 2023, non se activaron importes por este concepto.

As cantidades entregadas a conta de adquisicións futuras de bens do inmovilizado material, rexístranse no activo e os axustes que se orixinen pola actualización do valor do activo asociado ao anticipo dan lugar ao recoñecemento de ingresos financeiros, conforme se produza o seu devengo. A tal efecto utilízase o tipo de xuro incremental do proveedor existente no momento inicial, é dicir, o tipo de xuro ao que o proveedor podería financiarse en condicións equivalentes ás que resultan do importe recibido, que non será obxecto de modificación en posteriores exercicios. Cando se trate de anticipos con vencemento non superior a un ano e cuxo efecto financeiro non sexa significativo, non será necesario levar a cabo ningún tipo de actualización.

Os custos de ampliación, modernización e mellora que representan un aumento da produtividade, capacidade ou eficiencia, ou un alongamento da vida útil dos bens, capitalízanse como maior custe dos correspondentes bens. Os bens e elementos retirados, tanto se se producen como consecuencia dun proceso de modernización como se se deben a calquera outra causa, contabilízanse dando de baixa os saldos que presentan nas correspondentes contas de activo e de amortización acumulada.

Os gastos de conservación e mantemento dos diferentes elementos que compoñen o inmovilizado material impútanse á conta de perdas e ganancias do exercicio en que se incorren.

Os elementos retirados, tanto se son consecuencia dun proceso de modernización, como se se debe a calquera outra causa, contabilízanse dando de baixa os saldos que presentan as correspondentes contas de custo e de amortización acumulada.

O inmovilizado material en curso traspásase ao inmovilizado material en explotación na data na que queda dispoñible para iniciar o seu funcionamento, iniciándose nese momento a súa amortización.

A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase sobre os valores de custo, seguindo o método lineal, durante os seguintes anos de vida útil estimados:

	Anos de Vida Útil Estimada
Instalacións técnicas	5-8
Maquinaria e equipos médicos	5-7
Instrumental e ferramentas	5-10
Mobiliario e equipos de oficina	6-10
Mobiliario médico	8-10
Equipos para proceso de información	4
Outro inmovilizado material	4-10

O cargo á conta de perdas e ganancias do exercicio 2024 en concepto de amortización do inmovilizado material ascendeu a 1.168.152 euros (806.083 euros en 2023) (véxase Nota 5) e atópase rexistrado no epígrafe "Amortización do inmovilizado" da conta de perdas e ganancias.

c) Deterioro de valor do activo material e intanxible-

A Sociedade cumpre coa lexislación medioambiental que lle é de aplicación, de acordo coa súa actividade.

Así mesmo, a Sociedade non ten ningunha cantidade de dereitos asignados durante o período de vixencia do Plan Nacional de Asignación sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro a súa distribución anual.

l) Criterios empregados para o rexistro e valoración dos Gastos de persoal-

De acordo coa lexislación vixente, a Sociedade está obrigada ao pago de indemnizacións a aqueles empregados cos que, baixo determinadas condicións, rescindan as súas relacións laborais. Polo tanto, as indemnizacións por despedimento susceptibles de cuantificación razoable rexístranse como gasto no exercicio no que se adopta a decisión do despedimento e se crea unha expectativa ante o traballador. Nestas contas anuais non se rexistrou provisión algunha por este concepto, xa que non están previstas situacións desta natureza.

A Sociedade non ten subscritos compromisos por pensións a favor dos seus traballadores.

m) Subvencións, doazóns e legados-

Para a contabilización das subvencións, doazóns e legados recibidos, a Sociedade segue os criterios seguintes:

- Subvencións, doazóns e legados de capital non reintegrables: Rexístranse formando parte do Patrimonio Neto, como ingresos imputados ao Patrimonio Neto no momento que se estima que se cumpren as condicións establecidas para a súa concesión e por conseguinte se estima que non existen dúbidas sobre o seu cobro. Valóranse polo valor razoable do importe do ben concedido, en función de se son de carácter monetario o non, e imputanse a resultados en proporción á dotación á amortización efectuada no período para os elementos subvencionados ou, no seu caso, cando se produza a súa enaxenación ou corrección valorativa por deterioro, con excepción das recibidas de socios ou propietarios que se rexistren directamente nos fondos propios e non constitúen ingreso algún.
- Subvencións de carácter reintegrable: Mentres teñen o carácter de reintegrables contabilízanse como pasivos.
- Subvencións de explotación: Abóanse a resultados no momento no que, tras a súa concesión, a Sociedade estima que se cumpren as condicións establecidas nas mesmas e, por conseguinte, non existen dúbidas razoables sobre o seu cobro, e se imputan aos resultados de forma que se asegure en cada período unha adecuada correlación contable entre os ingresos derivados da subvención e os gastos subvencionados. Ata que se cumpran as condicións para considerar ditas subvencións como non reintegrables, mantéñense rexistradas como pasivo no epígrafe "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance.

n) Transaccións con vinculadas-

A Sociedade, como empresa pública autonómica adscrita ao Servizo Galego de Saúde, realiza actividade asistencial nos Hospitais pertencentes ao propio Servizo Galego de Saúde, sendo o Contrato - Programa asinado co mesmo o que establece as condicións da actividade a realizar, os importes das transferencias destinada a financiar de forma xenérica os custes vinculados á actividade asistencial e non asistencial realizada pola Sociedade para o servizo Galego de Saúde, así como as cantidades coas que ten que compensar pola prestación de servizos que recibe dos Hospitais onde leva a cabo a actividade asistencial.

ñ) Estado de fluxos de efectivo-

No estado de fluxos de efectivo utilízanse as seguintes expresións nos seguintes sentidos:

- Fluxos de efectivo: entradas e saídas de diñeiro en efectivo e os seus equivalentes, entendendo por estes os investimentos a curto prazo de gran liquidez e baixo risco de alteración no seu valor.
- Actividades de explotación: son aquelas que constitúen a principal fonte dos ingresos ordinarios da entidade, así como outras actividades que non poidan ser clasificadas como de investimento ou de financiamento.
- Actividades de investimento: as de adquisición, enaxenación e disposición por outros medios de activos a longo prazo e outros investimentos non incluídos no efectivo e equivalentes de efectivo.
- Actividades de financiamento: as que producen cambios no tamaño e composición do patrimonio neto e dos préstamos tomados por parte da entidade que non formen parte das actividades de explotación.

5. Inmobilizado material

O movemento habido durante os exercicios anuais terminados o 31 de decembro de 2024 e 2023 de cada partida de balance incluída neste epígrafe e das súas correspondentes amortizacións acumuladas foi o seguinte:

Exercicio 2024-

	Euros				
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Retiros	Traspasos	Saldo Final
Custo:					
Instalacións técnicas e maquinaria	17.212.676	477.103	(1.312)	1.188.673	18.877.140
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	2.003.422	148.305	(2.775)	-	2.148.952
Outro inmovilizado material	657.823	26.701	(14.483)	-	670.041
Inmovilizado en curso e anticipos	1.196.651	2.522	(10.500)	(1.188.673)	-
Total custo	21.070.572	654.631	(29.070)	-	21.696.133
Amortización acumulada:					
Instalacións técnicas e maquinaria	(12.553.062)	(995.201)	1.312	-	(13.546.951)
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	(1.409.480)	(136.244)	2.733	-	(1.542.991)
Outro inmovilizado material	(566.212)	(36.707)	14.209	-	(588.710)
Total amortización acumulada	(14.528.754)	(1.168.152)	18.254	-	(15.678.652)
Saldo neto	6.541.818	(513.521)	(10.816)	-	6.017.481

Exercicio 2023-

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Retiros	Saldo Final
Custo:				
Instalacións técnicas e maquinaria	17.824.450	1.836.772	(2.448.546)	17.212.676
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	1.815.262	271.897	(83.737)	2.003.422
Outro inmovilizado material	603.781	55.445	(1.403)	657.823
Inmovilizado en curso e anticipos	761.805	434.846	-	1.196.651
Total custo	21.005.298	2.598.960	(2.533.686)	21.070.572
Amortización acumulada:				
Instalacións técnicas e maquinaria	(14.346.127)	(655.481)	2.448.546	(12.553.062)
Outras instalacións, ferramentas e mobiliario	(1.375.437)	(117.210)	83.167	(1.409.480)
Outro inmovilizado material	(534.224)	(33.392)	1.404	(566.212)
Total amortización acumulada	(16.255.788)	(806.083)	2.533.117	(14.528.754)
Saldo neto	4.749.510	1.792.877	(569)	6.541.818

Adicións-

A principal adición do exercicio 2024 corresponde coa compra dun novo módulo de síntese para a súa instalación no Centro de produción de radiofármacos Pet (Ciclotrón) por importe de 232.096 euros rexistrado no epígrafe "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance ao 31 de decembro de 2024 adxunto.

Durante 2024 mantivéronse as inversións destinadas a posta en marcha do Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia (Car-T); dentro do epígrafe de "Instalacións técnicas e maquinaria" recóllese equipos de procesamento celular, incubadora de CO₂ neveira de medicación con conxelador, e sistema especializado para medición de condicións ambientais por importe de 30.710, 42.075, 33.057 e 26.995 euros, respectivamente. Vinculado con este mesmo proxecto no 2024 traspasáronse ao epígrafe de "Instalacións técnicas e maquinaria" as inversións rexistradas no epígrafe de "Inmovilizado en curso e anticipos" por importe de 1.188.673 euros.

A posta en marcha da nova unidade de medicina nuclear – Pet no hospital N. S. De Cristal (Ourense) supuxo a realización de diversas inversións destinadas a súa posta en marcha por importe de 86.733 euros rexistrados no epígrafe "Outras instalacións, ferramentas e mobiliario" do balance ao 31 de decembro de 2024 adxunto.

Adicionalmente no epígrafe "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance recóllese a instalación dun novo sistema de extracción de gases por importe de 26.887 euros no Centro de produción de radiofármacos Pet (Ciclotrón) así como diverso equipo de control e medida de radiacións (maniquís, multímetros, sensores) para a unidade de protección radiolóxica por importe de 33.997 euros. Finalmente, a Sociedade adquiriu diferente equipamento informático por un importe de 26.701 euros, rexistrándose no epígrafe "Outro inmovilizado material" do balance ao 31 de decembro de 2024 adxunto.

No exercicio anterior, a principal adición corresponde coa compra dun remolque para resonancia por importe de 701.800 euros rexistrado no epígrafe "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance ao 31 de decembro de 2023 adxunto.

En 2023 en relación coas inversións destinadas a posta en marcha do Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia (Car-T); concretamente dentro do epígrafe de "Instalacións técnicas e maquinaria" recóllese equipos de procesamento celular, cabina de fluxolaminar de seguridade biolóxica, centrifugas refrixeradas e tanque de nitróxeno por importe de 212.476, 275.796, 87.120 e 72.552 euros, respectivamente. Vinculado con este mesmo proxecto rexístrase no epígrafe de "Inmovilizado en curso e anticipos" os traballos realizados nas novas salas brancas para o seu uso en terapias celulares avanzadas e obras nas áreas de apoio destas mesmas instalacións por importe de 239.402 e 195.444 euros, respectivamente.

Finalmente no epígrafe "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance recóllese no 2023 a adquisición dun equipo de medida e control de calidade para radiocirurxia e radioterapia estereotáxica para a unidade de



oncología radioterápica e dun sistema de control de instalacións para a unidade de produción de radiofármacos Pet de Galicia (Ciclotrón) por importe de 61.708 e 37.759 euros, respectivamente. Adicionalmente na unidade de protección radiolóxica adquiriuse diversos equipos de control de radiacións (maniquís, atenuadores, fantomas) por importe total de 45.087 euros; e diversos aplicadores para procedementos de oncología radioterápica e mobiliario e instalacións para a humanización das unidades de medicina nuclear e oncología radioterápica de Vigo por importes de 54.215, rexistrados no epígrafe "Outras instalacións, ferramentas e mobiliario". Neste mesmo epígrafe recóllese diverso material de laboratorio e utillaxe asociado a equipar o novo Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia (Car-T) por importe de 142.402 euros. Así mesmo, a Sociedade adquiriu diferente equipamento informático por un importe de 55.445 euros, rexistrándose no epígrafe "Outro inmovilizado material" do balance ao 31 de decembro de 2023 adxunto.

Retiros-

No 2024 a principal baixa de activos corresponde coa regularización por importe de 10.500 euros das actuacións previas asociadas ao cambio dunha Gammacámara na unidade de medicina nuclear do Hospital santa María Nai de Ourense que finalmente non se levou a cabo rexistrado no epígrafe de "Inmovilizado en curso e anticipos", rexistrándose unha perda polo mesmo importe na partida de "Resultados por enaxenación e outros" da conta de perdas e ganancias do exercicio 2024.

Adicionalmente, durante 2024 procedeuse a dar de baixa por deterioro e obsolescencia diverso equipamento rexistrado nos epígrafes de "Instalacións técnicas e maquinaria, Outras instalacións, ferramentas e mobiliario e Outro inmovilizado material" do balance ao 31 de decembro de 2024 por importe de 18.570 euros cunha amortización acumulada de 18.254 euros, rexistrándose na partida de "Resultados por enaxenación e outros" da conta de perdas e ganancias do exercicio 2024, unha perda por un importe de 316 euros.

A baixa de activos producidas no 2023 están vinculadas principalmente co proceso de renovación tecnolóxica de equipamento de alta tecnoloxía vinculado ao Plan INVEAT (InVersión en Equipos de Alta Tecnoloxía Sanitaria no sistema nacional de saúde) a Sociedade procedeu a dar de baixa un equipo Pet-TAC e tres gammacámaras da Unidade de medicina nuclear de Vigo e Ourense, así como todo o equipamento asociado por importe total de 2.529.960 euros, cunha amortización acumulada de 2.529.826 euros, rexistrándose na partida de "Resultados por enaxenación e outros" da conta de perdas e ganancias do exercicio 2023, unha perda por un importe de 134 euros.

Por último, durante 2023 procedeuse a dar de baixa por deterioro e obsolescencia diverso equipamento rexistrado no epígrafe "Instalacións técnicas e maquinaria" do balance ao 31 de decembro de 2023 por importe de 3.726 euros cunha amortización acumulada de 3.291 euros, rexistrándose na partida de "Resultados por enaxenación e outros" da conta de perdas e ganancias do exercicio 2023, unha perda por un importe de 435 euros

Bens totalmente amortizados-

O importe dos elementos de inmovilizado material totalmente amortizados ao 31 de decembro de 2024 e 2023 é o seguinte:

	Euros	
	31.12.2024	31.12.2023
Instalacións técnicas	8.618.240	8.504.579
Maquinaria	1.610.486	1.575.030
Ferramenta	596.727	512.380
Outras instalacións	78.646	78.646
Mobiliario	456.957	408.043
Equipos para o proceso de información	500.973	489.206
Outro inmovilizado material	11.298	11.298
	11.873.327	11.579.182

A Sociedade non realizou correccións valorativas dos bens de inmovilizado material.

Política de seguros-

A Sociedade segue a política de formalizar pólizas de seguro para cubrir os posibles riscos aos que están suxeitos os diversos elementos do inmovilizado material. Os Administradores da Sociedade estiman que a cobertura contratada ao 31 de decembro de 2024 resulta suficiente para cubrir os riscos propios das actividades da Sociedade.

Expedientes de adquisición de inmovilizado-

O detalle dos expedientes de adquisición de Inmovilizado adxudicados pendentes de incorporar ó inmovilizado da Sociedade ao 31 de decembro de 2024 e 2023 é o seguinte:

Exercicio 2024-

Expediente	Obxecto	Adxudicatario	Euros	
			Importe adxudicado	Importe pendente
AB-GLR1-24-011	Subministro de licencia e servizo de evolución, migración, implantación e soporte á versión microsoft dynamics 365 business central.	Ayesa Ibermática, S.A.U.	179.106	179.106
AB-GLR1-24-040	Actualización tecnolóxica Ciclotrón PE-Trace 800 e módulos de síntese FastLab	G. E. Healthcare España, S.A.U.	215.380	215.380
			394.486	394.486

Exercicio 2023-

Expediente	Obxecto	Adxudicatario	Euros	
			Importe adxudicado	Importe pendente
AB-GLR1-23-073	Subministro de equipamento, pequeno equipamento, material e mobiliario diverso para o Centro de Fabricación de inmunoterapia de Galicia	Lote 7: Cientisol, S.L.U.	48.960	48.960
		Lote 8: Fisher Scientific, S.L.	34.773	34.773
			83.733	83.733

Proxecto CAR-T-

Durante os exercicios 2022 e 2023 a Sociedade levou a cabo diferentes inversións asociadas ao encargo de posta en marcha dun Centro de Fabricación de Medicamentos CAR-T en Santiago de Compostela e no desenvolvemento de ensaios clínicos con medicamentos CAR-T. A 31 de decembro de 2023 non existían expedientes de adquisición de Inmovilizado pendentes de adxudicar.

Outra información-

Arrendamentos financeiros-

Tal e como se indica na Nota 7, ao peche do exercicio 2024 e 2023 a Sociedade tiña contratadas diversas operacións de arrendamento financeiro sobre o seu inmovilizado material.

Con datas 27 de febreiro de 2017 e 10 de xullo de 2020, a Dirección Xeral de política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos emitiu autorizacións para a formalización no 2017 e 2020 de contratos de arrendamento

financeiro por un importe máximo de 2.530.000 e 1.850.000 euros, respectivamente. O detalle das inversións autorizadas obxecto deste financiamento ao 31 de decembro de 2024 é o seguinte:

Expediente	Obxecto	Euros	
		Importe estimado	Importe financiado
AB-GLR1-17-001	Equipo de Radiocirurxía	650.000	688.490
AB-GLR1-17-004	Resonancia móbil	1.500.000	1.413.280
AB-GLR1-17-005	Equipamento Ciclotrón (**)	380.000	-
AB-GLR1-20-046	Resonancia móbil	1.500.000	1.268.304
AB-GLR1-20-066	Módulos de síntese (***)	350.000	217.800
		4.380.000	3.587.874

(**) Expediente declarado deserto

(***) Expediente adxudicado o 04 de febreiro de 2021

6. Inmobilizado intanxible

O movemento habido durante os exercicios 2024 e 2023 en cada partida do balance incluída neste epígrafe e dos seus correspondentes amortizacións acumuladas, foi o seguinte:

Exercicio 2024-

	Euros		
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Saldo Final
Custo:			
Patentes, licencias e marcas	5.013	-	5.013
Aplicacións informáticas	535.260	18.089	553.349
Total custo	540.273	18.089	558.362
Amortización acumulada:			
Patentes, licencias e marcas	(5.013)	-	(5.013)
Aplicacións informáticas	(509.975)	(24.569)	(534.544)
Total amortización acumulada	(514.988)	(24.569)	(539.557)
Saldo neto	25.285	(6.480)	18.805

Exercicio 2023-

	Euros		
	Saldo Inicial	Adicións (Dotacións)	Saldo Final
Custo:			
Patentes, licencias e marcas	5.013	-	5.013
Aplicacións informáticas	535.260	-	535.260
Total custo	540.273	-	540.273
Amortización acumulada:			
Patentes, licencias e marcas	(5.013)	-	(5.013)
Aplicacións informáticas	(483.407)	(26.568)	(509.975)
Total amortización acumulada	(488.420)	(26.568)	(514.988)
Saldo neto	51.853	(26.568)	25.285

Adicións-

A adición no exercicio 2024 por importe de 18.089 euros corresponde coa adquisición dun software de análise de películas radiocrómicas para a unidade de radiofísica.

Bens totalmente amortizados-

O importe dos elementos de inmovilizado intanxible totalmente amortizados ao 31 de decembro de 2024 e 2023 son os seguintes:

	Euros	
	31.12.2024	31.12.2023
Patentes, licencias e marcas	5.013	5.013
Aplicacións informáticas	522.727	456.127
	527.740	461.140

A Sociedade non realizou correccións valorativas dos bens de inmovilizado intanxible.

7. Arrendamentos e outras operacións de natureza similar

Arrendamentos financeiros-

Ao peche do exercicio 2024 e 2023 a Sociedade, na súa condición de arrendataria financeira, ten recoñecidos activos arrendados conforme ao seguinte detalle:

Exercicio 2024-

Descrición do Ben	Duración do Contrato (en meses)	Euros				
		Custo en Orixe	Cotas Satisfeitas		Cotas Pendentes (Nota 8)	Opción de Compra ^(*)
			De Anos Anteriores	Do Exercicio 2024		
Módulos de síntese	96	217.800	58.302	24.767	134.731	2.245
Resonancia magnética móbil (GE)	96	1.413.280	1.006.363	203.145	203.772	17.005
Equipo de Radiocirurxia	96	688.490	492.563	97.812	98.115	8.188
Resonancia magnética móbil (Siem.)	96	1.268.304	378.487	143.826	745.991	13.075
		3.587.874	1.935.715	469.550	1.182.609	40.513

(*) Importe incluído no saldo de "Cotas pendentes".

Exercicio 2023-

Descrición do Ben	Duración do Contrato (en meses)	Euros				
		Custo en Orixe	Cotas Satisfeitas		Cotas Pendentes (Nota 8)	Opción de Compra ^(*)
			De Anos Anteriores	Do Exercicio 2023		
Módulos de síntese	96	217.800	33.602	24.700	159.498	2.245
Resonancia magnética móbil (GE)	96	1.413.280	803.845	202.518	406.918	17.005
Equipo de Radiocirurxia	96	688.490	395.053	97.510	195.927	8.188
Resonancia magnética móbil (Siem.)	96	1.268.304	235.355	143.132	889.816	13.075
		3.587.874	1.467.855	467.860	1.652.159	40.513

(*) Importe incluído no saldo de "Cotas pendentes".

Os bens financiados adquiridos ata o 2024 pertencen as partidas de instalacións técnicas e maquinaria do balance da Sociedade.

Con datas 15 e 19 de decembro de 2017 formalizáronse dous contratos de arrendamento financeiro para a adquisición dunha resonancia magnética móbil e dun sistema de radiocirurxia (Nota 5), sendo os importes a financiar en 96 cotas mensuais cun ano de carencia de 1.413.280 e 688.490 euros, respectivamente. O tipo de interese está referido ao Euribor a un ano máis un diferencial de 0,45 puntos.

Nos exercicios 2018 e 2019 non se formalizaron contratos de arrendamento financeiro.

No exercicio 2020 formalizouse un novo contrato de arrendamento financeiro para adquisición dunha nova resonancia magnética móbil, sendo o importe a financiar en 96 cotas mensuais de 1.268.304 euros. A 31 de decembro de 2021 o equipo estaba subministrado e en funcionamento (Nota 5). O tipo de interese está referido ao Euribor a un ano máis un diferencial de 0,45 puntos.

No exercicio 2021 formalizouse un novo contrato de arrendamento financeiro para adquisición de dous módulos de síntese para a Unidade de produción de radiofármacos Pet de Galicia (Ciclotrón), sendo o importe a financiar en 96 cotas mensuais de 217.800 euros. A 31 de decembro de 2021 o equipo estaba subministrado e en funcionamento (Nota 5). O tipo de interese está referido ao Euribor a un ano máis un diferencial de 0,45 puntos.

Os distintos tipos de operacións de arrendamento financeiro que a Sociedade mantén, teñen a seguinte desagregación:

Arrendamentos Financeiros Información do arrendatario	Euros	
	2024	2023
Importe dos pagos futuros mínimos o peche do exercicio	1.212.756	1.749.673
(-) Gastos financeiros non devengados	70.660	138.027
Valor actual ó peche do exercicio	1.142.096	1.611.646
Valor da opción de compra	40.513	40.513
Cotas pendentes	1.182.609	1.652.159

O detalle das cotas de arrendamento financeiro mínimas de acordo cos actuais contratos en vigor é a seguinte:

Arrendamentos Financeiros Cotas Mínimas	Euros			
	Pagos mínimos		Valor actual	
	2024	2023	2024	2023
Menos dun año	511.405	513.509	482.230	469.613
Entre un e cinco anos	741.864	1.147.957	700.379	1.055.726
Máis de cinco anos	-	128.720	-	126.820
	1.253.269	1.790.186	1.182.609	1.652.159

Arrendamentos operativos-

Ao peche dos exercicios 2024 e 2023 a Sociedade ten contratado cos arrendadores as seguintes cotas de arrendamento mínimas, de acordo cos actuais contratos en vigor, sen ter en conta repercusión de gastos comúns, incrementos futuros por IPC, nin actualizacións futuras de rendas pactadas contractualmente:

Arrendamentos Operativos Cotas Mínimas	Valor Nominal (Euros)	
	2024	2023
Menos dun año	259.944	110.247
Entre un e cinco anos	751.463	98.629
Máis de cinco anos	687.430	-
	1.546.718	208.876



O arrendamento operativo vixente máis importante nos exercicios 2024 e 2023 corresponde co importe asociado a cesión de diverso equipamento tecnolóxico no marco do convenio de colaboración subscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade (Nota 1).

O importe das cotas de arrendamento recoñecidas como gasto no exercicio 2024 ascendeu a 253.624 euros (1.225.934 euros 2023).

8. Instrumentos financeiros

Clasificación de instrumentos financeiros-

A clasificación e distribución dos instrumentos financeiros que mantén a sociedade no balance ao 31 de decembro de 2024 e 2023 detállase a continuación:

Activos financeiros a curto prazo, salvo investimentos no patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas-

Categorías	Euros	
	Créditos, derivados e outros	
	2024	2023
Activos financeiros a custe amortizado	101.163	101.604

Pasivos financeiros a longo prazo-

Categorías	Euros					
	Débedas con entidades de crédito		Derivados e outros		Total	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023
Pasivos financeiros a custe amortizado	700.379	1.182.546	37.000	127.374	737.379	1.309.920

Pasivos financeiros a curto prazo-

Categorías	Euros					
	Débedas con entidades de crédito		Derivados e outros		Total	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023
Pasivos financeiros a custe amortizado	482.230	469.613	3.734.855	2.827.864	4.217.085	3.297.477

Vencementos dos instrumentos financeiros-

O detalle por vencementos dos instrumentos financeiros ao 31 de decembro de 2024 e 2023, é o seguinte:

Activos financeiros-

Exercicio 2024-

	Euros
Debedores comerciais e outras contas a cobrar-	
Clientes por vendas e prestación de servizos	98.240
Persoal	2.923
	101.163

Exercicio 2023-

	Euros
Debedores comerciais e outras contas a cobrar-	
Clientes por vendas e prestación de servizos	95.826
Debedores varios	30
Persoal	5.748
	101.604

Pasivos financeiros-

Exercicio 2024-

	Euros					
	2025	2026	2027	2028	2029	Total
Débedas						
Acredores por arrendamento financeiro	482.230	186.061	191.955	198.043	124.320	1.182.609
Outros pasivos financeiros	443.306	33.000	4.000	-	-	480.306
Acredores comerciais e outras contas						
Provedores	1.882.473	-	-	-	-	1.882.473
Provedores, empresas do grupo	1.114.107	-	-	-	-	1.114.107
Persoal	294.969	-	-	-	-	294.969
	4.217.085	219.061	195.955	198.043	124.320	4.954.464

Exercicio 2023-

	Euros						
	2024	2025	2026	2027	2028	Máis de 5 anos	Total
Débedas							
Acredores por arrendamento financeiro	469.613	478.117	184.143	192.412	201.054	126.820	
Outros pasivos financeiros	324.791	94.374	29.000	4.000	-	-	
Acredores comerciais e outras contas							0
Provedores	417.606	-	-	-	-	-	417.606
Provedores, empresas do grupo	1.837.271	-	-	-	-	-	1.837.271
Persoal	248.196	-	-	-	-	-	248.196
	3.297.477	572.491	213.143	196.412	201.054	126.820	4.607.397

Outra información sobre pasivos financeiros-

A Sociedade ten subscrita unha póliza de crédito con Caixabank cun límite de 2.000.000 euros. O tipo de interese de Euribor anual máis un diferencial dun 0,08%. Ao 31 de decembro de 2024 a Sociedade non tiña disposto importe algún.

Durante o exercicio 2024 o importe rexistrado en concepto de intereses por arrendamento financeiro e póliza de crédito no epígrafe "Gastos financeiros – Débedas con terceiros" da conta de perdas e ganancias adxunta ascendeu a 62.562 e 19.183 euros, respectivamente (62.383 e 20.193 euros, respectivamente en 2023).

Correccións por deterioro de valor orixinadas polo risco de crédito-

O detalle das correccións por deterioro de créditos por operación comerciais rexistradas durante os exercicios 2024 e 2023 é o seguinte:

	Euros	
	Créditos, derivados e outros a curto prazo	
	2024	2023
Deterioro de créditos por operacións comerciais ao inicio do exercicio:	(461.413)	(1.019.742)
Perdas por deterioro de créditos comerciais	-	(1.917)
Reversión do deterioro de créditos comerciais	-	560.246
Libramento de créditos comerciais incobrables	116.593	-
Deterioro de créditos por operacións comerciais ao final do exercicio:	(344.820)	(461.413)

Inversións en empresas do grupo e asociadas a longo prazo-

Dentro deste epígrafe, a Sociedade rexistra o custe da participación que posúe no 27% do capital de G.E. Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. superando o límite sinalado na indicación segunda do artigo 260 da Lei 1/2010 de Sociedades de Capital.

O domicilio social localízase no Polígono Industrial de Ordes, parcela 20, e dedícase a elaboración, dispensación e subministración de monodoses de radiofármacos , así coma a xestión e recollida de residuos sólidos e radioactivos dos servizos de Medicina Nuclear.

A sociedade non cotiza en bolsa.

Ao 31 de decembro de 2024 e ao 31 de decembro de 2023, G.E. Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. presentaba a seguinte situación patrimonial:

	Euros	
	31.12.24	31.12.23
Patrimonio Neto:		
Capital social	270.000	270.000
Prima de emisión	180.000	180.000
Reserva legal	54.000	54.000
Outras reservas	1.087.113	650.844
Resultado do exercicio	632.138	370.469
	2.223.251	1.525.313
Valor en libros da participación	129.000	129.000
Resultado do exercicio:		
Resultado de explotación	810.517	473.432
Outras resultados do exercicio	(178.379)	(102.963)
Resultado	632.138	370.469

Con data 31 de marzo de 2025 o Consello de administración de G.E. Healthcare Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. formulará as contas do exercicio 2024.

O investimento no patrimonio da empresa encóntrase valorada a custe, que é equivalente ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custes da transacción que lle sexa directamente atribuíbles.

Tesourería-

A información do efectivo ao 31 de decembro de 2024 e 2023 é como sigue:

	Euros	
	2024	2023
Caixa	144	140
Bancos	73.690	1.710.699
	73.834	1.710.839

O total de efectivo inclúese no estado de fluxos de efectivo.

Todos os saldos son de libre disposición.

Garantías e avales-

Ao 31 de decembro de 2024 a Sociedade tiña formalizados avales bancarios por un importe de 4.000 euros (mesmo importe ao 31 de decembro de 2023), corresponden a diferentes garantías comprometidas con provedores. Así mesmo, a Sociedade recibiu avales por importe de 548.746 euros como garantía da subministración e prestación de servizos de provedores (399.928 euros no exercicio anterior).

Información sobre natureza e nivel de risco dos instrumentos financeiros-

Información cualitativa-

A xestión dos riscos financeiros da Sociedade está centralizada na Dirección, a cal ten establecidos os mecanismos necesarios para controlar a exposición ás variacións nos tipos de interese, así como aos riscos de crédito e liquidez. A continuación indícanse os principais riscos financeiros que impactan na Sociedade:

1. Risco de crédito

Con carácter xeral a Sociedade mantén a súa tesourería e activos líquidos equivalentes en entidades financeiras de elevado nivel crediticio.

Adicionalmente, hai que indicar que, a práctica totalidade das operacións realízanse cun único cliente (SERGAS), se ben, non se estima que esta situación supoña un risco de crédito dada a solvencia deste.

2. Risco de liquidez

A Sociedade leva a cabo unha xestión prudente do risco de liquidez, fundada no mantemento de suficiente efectivo, e a dispoñibilidade de financiamento. Co fin de asegurar a liquidez e poder atender todos os compromisos de pago que se derivan da súa actividade, a Sociedade dispón da tesourería que mostra o seu balance, así como das liñas crediticias e de financiamento que se detallan nesta mesma Nota.

3. Risco de mercado (inclúe tipo de interese, tipo de cambio e outros riscos de prezo).

A tesourería e a débeda financeira da Sociedade están expostas ao risco de tipo de interese, o cal podería ter un efecto adverso nos resultados financeiros e nos fluxos de caixa, pero en calquera caso non significativo en opinión dos Administradores.

Fondos propios-

Capital escriturado-

Ao peche dos exercicios 2024 e 2023 o capital social da Sociedade ascende a 1.275.361,50 euros, representado por 350 accións de 3.643,89 euros de valor nominal cada unha, todas elas da mesma clase, totalmente subscritas e desembolsadas pola Xunta de Galicia. Desta forma, e de acordo coa lexislación mercantil en vigor, a Sociedade ten carácter de sociedade unipersoal.

Durante el exercicio 2024 no se produciron modificación no capital social da Sociedade.

Reserva legal-

De acordo coa Lei de Sociedades de Capital, debe destinarse unha cifra igual ao 10% do beneficio do exercicio á reserva legal ata que esta alcance, ao menos, o 20% do capital social. A reserva legal poderá utilizarse para aumentar o capital na parte do seu saldo que exceda do 10% do capital xa aumentado. Salvo para a finalidade mencionada anteriormente, e mentres non supere o 20% do capital social, esta reserva só poderá destinarse á compensación de perdas e sempre que non existan outras reservas dispoñibles suficientes para este fin.

Ao peche dos exercicios 2024 e 2023 esta reserva se encontraba constituída na súa totalidade.

9. Existencias

O detalle de variación dos deterioros de existencias dos exercicios 2024 e 2023 é o seguinte:

	Euros	
	2024	2023
Deterioro de existencias ao inicio do exercicio	(3.700)	(4.561)
Perdas por deterioro de existencias	(4.752)	(3.700)
Reversión do deterioro de existencias	3.700	4.561
Deterioro de existencias ao final do exercicio	(4.752)	(3.700)

Os criterios de valoración seguidos sobre correccións valorativas por deterioro de existencias, son a estimación da perda por deterioro sobre aquelas existencias que non tiveron rotación no exercicio 2024.

Existen acordos marcos de subministracións con provedores de existencias nos que se fixa un custo de compra unitario do ben pero non se compromete compra sobre cantidades.

10. Situación fiscal

Saldos correntes coas Administracións Públicas-

A Sociedade mantíña ao 31 de decembro de 2024 e 2023 os seguintes saldos coas Administracións Públicas:

	Euros	
	2024	2023
Activos por imposto diferido	334.055	238.212
Facenda Pública debedora-		
Activo por imposto corrente-	6.082	70.415
Outros créditos coas Administración Públicas-		
Por subvencións concedidas (Nota 13)	4.777.587	2.893.535
	5.117.724	3.202.162
Pasivos por imposto diferido	685.112	727.921
Facenda Pública acreedora-		
Outras débedas coas Administracións Públicas-		
Acredora por I.V.E.	54.350	21.725
Acredora por I.R.P.F.	659.691	626.062
Por subvenciones reintegrables (Nota 13)	-	5.258
Organismos da Seguridade Social acredores	208.058	214.177
	1.607.211	1.595.143

Conciliación do importe neto de ingresos e gastos do exercicio coa base imponible do imposto sobre Sociedades-

O Imposto sobre Sociedades do exercicio calcúlase en base ao resultado contable, obtido pola aplicación de principios de Contabilidade xeralmente aceptados, que non necesariamente ten que coincidir co resultado fiscal, entendido este coma a base imponible do citado imposto.

A conciliación do resultado contable antes de impostos dos exercicios 2024 e 2023 coa base imponible prevista do Imposto sobre Sociedades é a seguinte:

Exercicio 2024-

	Euros		
	Conta de perdas e ganancias		Total
	Aumentos	Diminucións	
Saldo de ingresos e gastos do exercicio			(307.952)
Imposto sobre Sociedades	(63.735)	-	(63.735)
Diferenzas permanentes:			
Gastos fiscalmente non deducibles	155	-	155
Baixas definitivas de créditos comerciais	116.594	-	116.594
Diferenzas temporais:			
Cotas de Leasings	17.170	(38.236)	(21.066)
Amortización non deducible	-	(134.716)	(134.716)
Base imponible fiscal previa			(410.720)
Compensacións de bases impositibles negativas			-
Base imponible fiscal			(410.720)

Exercicio 2023-

	Euros		
	Conta de perdas e ganancias		Total
	Aumentos	Diminucións	
Saldo de ingresos e gastos do exercicio			97.020
Imposto sobre Sociedades	32.698	-	32.698
Diferenzas permanentes:			
Gastos fiscalmente non deducibles	1.075	-	1.075
Diferenzas temporais:			
Cotas de Leasings	17.932	(37.307)	(19.375)
Amortización non deducible	-	(134.716)	(134.716)
Base imponible fiscal previa			(23.298)
Compensacións de bases impositibles negativas			-
Base imponible fiscal			(23.298)

Respecto a contía das bases impositibles negativas a compensar no exercicio, estarase o establecido polo artigo 26 da Lei 27/2014, do Imposto sobre Sociedades.

A explicación e conciliación numérica entre o gasto/ingreso por Impostos sobre beneficios e o resultado de multiplicar os tipos de gravame aplicables ao total de ingresos e gastos recoñecidos, diferenciando o saldo da conta de perdas e ganancias é a seguinte:

Diferenzas permanentes-

Os aumentos ao resultado contable do exercicio 2024, por importe de 155 euros, e no exercicio 2023, por importe de 1.075 euros, corresponden á consideración como non deducibles dende o punto de vista fiscal do gasto contabilizado como consecuencia da imposición de sancións, multas e outros recargos á Sociedade, por aplicación do disposto no artigo 15.c) da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades. O importe das multas e sancións rexístranse no epígrafe "Outros resultados" da conta de perdas e ganancias ao 31 de decembro de 2024 adxunta.

Así mesmo, as diferenzas permanentes positivas por importe de 116.594 euros do exercicio 2024 correspóndense co importe non deducible pola liberación de dotacións antigas de saldos a cobrar de acordo co establecido no artigo 13.1 da Lei do Imposto sobre Sociedades que se dotaron ese ano.

Diferenzas temporais-**Con orixe no exercicio-**

A diferenza temporal positiva e negativa con orixe no exercicio por importe de 17.170 e 38.236 euros respectivamente (positiva e negativa por importes de 17.932 e 37.307 euros, respectivamente no 2023) corresponde coa diferenza entre o gasto rexistrado asociado á recuperación do custe do ben e a cota de arrendamento financeiro aboada a entidade de crédito de acordo co establecido no artigo 106 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades. Como consecuencia, auméntase o Activo por imposto diferido por importe de 4.293 e minórase o Pasivo por Imposto diferido en 9.559 euros, respectivamente (aumento e redución de 4.483 e 9.327 euros, respectivamente no 2023).

Con orixe en exercicios anteriores-

Por outra banda, as diferenzas temporais con orixe en exercicios anteriores que supoñen unha redución do resultado contable por importe de 134.716 euros aproximadamente (mesmo importe no 2023), orixínase por aplicación do artigo 7 da Lei 16/2012, de 27 de decembre pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica. A amortización contable que non resultou fiscalmente deducible en anos anteriores en virtude do disposto neste artigo (660.762 euros en 2014 e 686.399 euros en 2013), dedúcese de forma lineal durante un prazo de 10 anos u opcionalmente durante a vida útil do elemento patrimonial, a partir do primeiro período impositivo que se inicie dentro do ano 2015. Como consecuencia, minórase o Activo por imposto diferido por importe de 40.415 euros, aproximadamente (mesmo efecto no 2023).

Deducións-

A Sociedade acolleuse no exercicio 2015 aos incentivos fiscais á actividade de investigación e desenvolvemento e innovación tecnolóxica que establece a normativa fiscal vixente, acreditando, en dito exercicio, unha dedución por actividade de investigación e desenvolvemento por importe de 115.348 euros, aproximadamente. A consecuencia da cota positiva acreditada, na liquidación do Imposto sobre sociedades do exercicio 2018, compensouse na liquidación do imposto a cantidade de 15.288 euros, aproximadamente, quedando pendente de aplicar ao peche dos exercicios 2023 e 2024 64.962 euros.

Así mesmo, en aplicación da Disposición transitoria trixésima sétima da Lei 27/2014, de 27 de novembro do Imposto sobre Sociedades, a Sociedade, terá dereito a unha dedución na cota íntegra do 5 por cento das cantidades que integren na base imponible. O importe da dedución xerada no exercicio 2024 por este concepto ascendeu a 6.736 euros (mesmo importe no exercicio 2023). Neste sentido, a Sociedade acreditou no 2015 unha dedución por reversión de medidas temporais por importe de 2.694 euros, e 6.736 euros nos exercicios 2016 a 2024 pendentes de aplicar.

Conciliación entre Resultado contable e o gasto por Imposto sobre Sociedades-

A conciliación entre o resultado contable e o gasto por Imposto sobre Sociedades dos exercicios 2024 e 2023 é a seguinte:

Exercicio 2024-

	Euros
Resultado contable antes de impostos	(371.687)
Diferenzas permanentes	116.749
Base imponible fiscal	(254.938)
Cota ao 25%	(63.735)
Total gasto por imposto sobre beneficios	(63.735)

Exercicio 2023-

	Euros
Resultado contable antes de impostos	129.718
Diferenzas permanentes	1.075
Base imponible fiscal	130.793
Cota ao 25%	32.698
Total gasto por imposto sobre beneficios	32.698

Desagregación do gasto (ingreso) por imposto sobre beneficios-

A desagregación do gasto por imposto sobre beneficios correspondente aos exercicios 2024 e 2023 é o seguinte:

Exercicio 2024-

	Euros				
	Variacións do Imposto diferido de activo			Variacións imposto diferido de pasivo	Total
	Diferenzas temporais	Crédito impositivo por Bases impositibles negativas	Outros Créditos	Outros Créditos	
Imputación a perdas e ganancias: A operacións continuadas	(36.122)	102.680	6.736	(9.559)	63.735

Exercicio 2023-

	Euros			
	Variacións do Imposto diferido de activo			Total
	Diferenzas temporais	Crédito impositivo por Bases impositibles negativas	Outros Créditos	
Imputación a perdas e ganancias: A operacións continuadas	(45.259)	5.825	6.736	(32.698)

En aplicación ao establecido no artigo 29 e na Disposición transitoria trixésima cuarta da Lei 27/2014, de 27 de novembro do Imposto sobre Sociedades o tipo xeral de gravame establecido para o período impositivo do 2024 será do 25%.

Activos por imposto diferido rexistrados-

Os movementos habidos durante os exercicios 2024 e 2023 no epígrafe de activos por imposto diferido, son os seguintes:

Exercicio 2024-

	Euros				
	Saldo Inicial	Adicións	(Diminuicións)	Traspasos	Saldo Final
Créditos por bases impositibles negativas exercicio 2020	67.976	-	-	-	67.976
Créditos por bases impositibles negativas exercicio 2023	5.825	-	-	-	5.825
Créditos por bases impositibles negativas exercicio 2024	-	102.680	-	-	102.680
Créditos por deducións pendentes	121.544	6.736	-	-	128.280
Créditos por diferenzas temporais deducibles	42.867	4.293	(40.415)	22.549	29.294
Total activos por imposto diferido	238.212	113.709	(40.415)	22.549	334.055

Exercicio 2023-

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións	(Diminucións)	Saldo Final
Créditos por bases impositibles negativas exercicio 2020	67.976	-	-	67.976
Créditos por bases impositibles negativas exercicio 2023	-	5.825	-	5.825
Créditos por deducións pendentes	114.808	6.736	-	121.544
Créditos por diferenzas temporais deducibles	88.126	-	(45.259)	42.867
Total activos por imposto diferido	202.934	12.561	(45.258)	238.212

Ao peche do exercicio 2024, o detalle das deducións rexistradas no balance adxunto é o seguinte:

	Exercicio de Xeración	Euros	Último Exercicio de Aplicación
		Pendente de Aplicación	
Dedución por actividade de I+D+i	2015	64.962	2033
Dedución por amortización	2015	2.694	-
Dedución por amortización	2016	6.736	-
Dedución por amortización	2017	6.736	-
Dedución por amortización	2018	6.736	-
Dedución por amortización	2019	6.736	-
Dedución por amortización	2020	6.736	-
Dedución por amortización	2021	6.736	-
Dedución por amortización	2022	6.736	-
Dedución por amortización	2023	6.736	-
Dedución por amortización	2024	6.736	-
		128.280	

Ao peche do exercicio 2023, o detalle das deducións rexistradas no balance adxunto é o seguinte:

	Exercicio de Xeración	Euros	Último Exercicio de Aplicación
		Pendente de Aplicación	
Dedución por actividade de I+D+i	2015	64.962	2033
Dedución por amortización	2015	2.694	-
Dedución por amortización	2016	6.736	-
Dedución por amortización	2017	6.736	-
Dedución por amortización	2018	6.736	-
Dedución por amortización	2019	6.736	-
Dedución por amortización	2020	6.736	-
Dedución por amortización	2021	6.736	-
Dedución por amortización	2022	6.736	-
Dedución por amortización	2023	6.736	-
		121.544	

Bases impositibles negativas-

O detalle das Bases Impositibles Negativas, activadas ao 31 de decembro de 2024 como créditos fiscais, é o seguinte:

Exercicio de Activación	Euros
	Pendente de Aplicación
2020	271.914
2023	23.298
2024	410.720
	705.932

O detalle das Bases Impositibles Negativas, activadas no 2023 como créditos fiscais, é o seguinte:

Exercicio de Activación	Euros
	Pendente de Aplicación
2020	271.914
2023	23.298
	295.212

De acordo coa lexislación vixente, as bases impositibles negativas dun exercicio poderán compensarse a efectos impositivos cas bases impositibles positivas dos períodos impositivos seguintes, coas limitacións do artigo 26 da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades. Sen embargo, o importe final a compensar por ditas bases impositibles negativas puidera ser modificado, no seu caso, como consecuencia da comprobación, por parte das autoridades fiscais, dos exercicios nas que se produciron.

Os activos por imposto diferido indicados anteriormente foron rexistrados no balance por considerar os Administradores da Sociedade que, conforme á mellor estimación sobre os resultados futuros da Sociedade, incluíndo determinadas actuacións de planificación fiscal, é probable que ditos activos sexan recuperados.

En opinión do Órgano de Administración, os activos por imposto diferido anteriores que foran rexistrados no balance de situación, posúen una alta probabilidade de ser recuperados nun futuro, dadas as estimacións de resultados futuros realizadas nas que se prevé retomar a senda de beneficios dos últimos exercicios..

Pasivos por imposto diferido-

Os movementos habidos durante os exercicios 2024 e 2023 no epígrafe de pasivos por imposto diferido, foron os seguintes:

Exercicio 2024-

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións	Traspasos	Saldo Final
Subvencións de capital (Nota 13)	727.921		(74.917)	653.004
Pasivos por diferencias temporarias	-	9.559	22.549	32.108
Total pasivos por imposto diferido	727.921	9.559	(52.368)	685.112

Exercicio 2023-

	Euros		
	Saldo Inicial	Adicións	Saldo Final
Subvencións de capital (Nota 13)	312.509	415.412	727.921

Impostos recoñecidos no patrimonio neto-

O imposto relativo ás subvencións de capital recoñécese directamente no patrimonio neto.

Exercicios pendentes de comprobación e actuacións inspectoras-

Segundo establece a lexislación vixente, os impostos non poden considerarse definitivamente liquidados ata que as declaracións presentadas fosen inspeccionadas polas autoridades fiscais ou transcorra o prazo de prescrición de catro anos. Ao peche do exercicio terminado o 31 de decembro de 2024 a Sociedade tiña abertos a inspección os exercicios 2020 e seguintes para o Imposto sobre Sociedades, excepto o exercicio 2015 respecto da aplicación de bases impositibles negativas acreditadas. Así mesmo, os exercicios 2020 a 2024 tampouco poden considerarse definitivamente liquidados para os demais impostos que lle resultan aplicables a Sociedade no desenvolvemento da súa actividade.

Os Administradores da Sociedade consideran que practicáronse adecuadamente as liquidacións dos mencionados impostos, polo que, aínda no caso de que xurdiran discrepancias na interpretación normativa vixente polo tratamento fiscal outorgado ás operacións, os eventuais pasivos resultantes, en caso de materializarse, non afectarían de maneira significativa a estas contas anuais.

11. Ingresos e gastos

Prestación de servizos-

O detalle do importe neto da cifra de negocios das contas de perdas e ganancias dos exercicios 2024 e 2023 adxuntas, diferenciado por segmentos e mercados xeográficos, móstranse a continuación (Véxase Nota 2.e):

	Euros	
	2024	2023
	España	España
Prestación de servizos asistenciais	533.987	408.437
Ventas de radiofármacos Pet	5.040	7.820
	539.027	416.257

A totalidade das transaccións producíronse no exercicio, en euros e dentro da Comunidade autónoma de Galicia

Aprovisionamentos-

A composición deste epígrafe das contas de perdas e ganancias dos exercicios 2024 e 2023 adxuntas móstrase a continuación:

	Euros	
	2024	2023
Compras de produtos sanitarios-	3.200.928	2.954.246
Servizos asistenciais prestados por empresas	942.052	759.416
Traballos realizados por outras empresas	2.258.281	974.564
Devolucións de compras e operacións similares	-	(2.004)
Variación de existencias de produtos sanitarios	(34.205)	28.032
Deterioro de mercadorías e outros aprovisionamentos (Nota 9)	1.052	(861)
	6.368.108	4.713.393

Detalle de compras segundo procedencia-

O detalle das compras efectuadas pola Sociedade durante os exercicios 2024 e 2023, atendendo a súa procedencia é o seguinte:

Exercicio 2023-

	Euros		
	Nacionais	Intracomunitarias	Total
Compras	2.744.913	456.015	3.200.928

Exercicio 2023-

	Euros		
	Nacionais	Intracomunitarias	Total
Compras	2.694.332	259.914	2.954.246

Gastos de persoal-

A composición do saldo do epígrafe "Gastos de persoal" das contas de perdas e ganancias adxuntas correspondentes aos exercicios 2024 e 2023 móstrase a continuación:

	Euros	
	2024	2023
Soldos e salarios	9.916.176	9.040.856
Indemnizacións	12.656	4.470
Seguros sociais	1.901.467	1.727.076
Outros gastos sociais	36.404	24.627
	11.866.703	10.797.029

Outros resultados-

O gasto rexistrado no exercicio 2024 neste epígrafe da conta de perdas e ganancias por importe de 2.192 euros corresponde fundamentalmente con diferentes recargos da seguridade social e da Axencia tributaria.

O ingreso rexistrado no exercicio 2024 neste epígrafe da conta de perdas e ganancias por importe de 40.329 euros que correspondía fundamentalmente a diferentes indemnizacións por danos sufridos en diferentes instalacións e materiais por causas alleas á Sociedade.

O gasto rexistrado no exercicio 2023 neste epígrafe da conta de perdas e ganancias por importe de 986 euros corresponde fundamentalmente con diferentes recargos da seguridade social.

12. Provisións e continxencias

O balance da Sociedade recolle todas as provisións con respecto as cales se estima que é probable que téñase que atender a obriga e que a data de formulación atopábanse en tramitación administrativa ou xudicial, fundamentalmente por reclamacións de indemnizacións ou importes asociados a conceptos salariais non percibidos.

O movemento habido durante os exercicios 2024 e 2023 no epígrafe de balance "Provisións a longo prazo – Outras provisións" foi o seguinte

Exercicio 2024-

	Euros
	Longo Prazo
Provisións ao inicio do exercicio	-
Dotación de provisións	5.172
Provisións ao final do exercicio	5.172

Exercicio 2023-

	Euros
	Longo Prazo
Provisións ao inicio do exercicio	7.592
Liberación de provisións	(7.592)
Provisións ao final do exercicio	-

No exercicio 2023 desestimáronse as reclamacións provisionadas procedendo a Sociedade a liberación do importe provisionado rexistrándose un ingreso no epígrafe "Exceso de provisións" da conta de perdas e ganancias adxuntas

13. Subvencións, doazóns e legados recibidos-

Subvencións de capital-

Ao 31 de decembro do 2023 a sociedade recibiu subvencións de capital outorgadas polo Servizo Galego de Saúde por importe de 1.661.648 (ningún importe no 2024)). O movemento habido durante o exercicios 2024 e 2023 neste epígrafe de balance foi o seguinte:

Ao 31 de decembro de 2024-

	Euros			
	Saldo Inicial	Imputación a Resultados 2025	Efecto Impositivo (Nota 10)	Saldo Final
Subvencións de capital	2.183.764	(299.671)	74.917	1.959.010

Ao 31 de decembro de 2023-

	Euros			
	Saldo Inicial	Adicións	Efecto Impositivo (Nota 10)	Saldo Final
Subvencións de capital	937.528	1.661.648	(415.412)	2.183.764

As subvencións de capital foron concedida para a adquisicións de diferente equipamento asociados á creación dun Centro de fabricación propia de medicamentos CAR-T (Nota 6). Ao 31 de decembro de 2024 o saldo rexistrado no epígrafe "Subvencións, doazóns e legados recibidos" recolle a totalidade do importe obxecto de subvención neto do correspondente efecto impositivo A totalidade dos activos obxecto de subvención atópase recollidos no epígrafe de "Instalación técnicas e maquinaria" do balance de situación a 31 de decembro 2024 adxunto ("Inmovilizado en curso e anticipos" e "Instalación técnicas e maquinaria" do balance de situación a 31 de decembro 2023 adxunto); imputándose a resultados en proporción á dotación á amortización efectuada no momento da validación das obras e instalacións.

Ao 31 de decembro de 2024 e 2023 non existen importes pendentes de cobro polas subvencións de capital recibidas (Nota 10).

Subvencións de explotación-

No presente exercicio, a Sociedade recibiu subvencións do Servizo Galego de Saúde por importe de 21.227.295 euros (18.787.660 euros no exercicio 2023).

O destino das subvencións foi o seguinte:

	Euros	
	2024	2023
Subvención actividade contrato programa (Nota 1)	21.227.295	18.546.637
Área Sanitaria Ferrol (informado)	-	23.135
Subvención Axencia Galega de Innovación	-	20.086
Subvención Cámara de comercio	3.529	-
Subvención Innova Microlab (ACIS)	-	3.000
Subvención Investigo (Consellería de emprego)	-	11.797
Subvención doutoramento industrial	62.000	28.000
Subvención CART Sol	43.452	25.374
Subvención convenio cesión equipos (Nota 1)	-	241.023
	21.336.276	18.899.052

O Consello de Administración da Sociedade considera que se cumpriron e se prevén cumprir con todas as condicións establecidas nas resolucións individuais de cada concesión.

Durante o exercicio 2023 a Consellería de Economía, Industria e Innovación e da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, adxudican as axudas das Ordes do 04 de outubro de 2022 e do 30 de xuño de 2023 para a formación de doutores e doutoras das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) en empresas e centros de innovación e tecnoloxía, programa Doutoramentos industriais resolve conceder unha axuda por importe de 96.000 euros en cada convocatoria a favor da Sociedade sumado un importe total de 192.000 euros. Dadas as anualidades recollidas nas diferentes convocatorias corresponde ao exercicio 2024 un importe de 62.000 euros (28.000 euros no exercicio 2023) rexistrados como ingreso no epígrafe "Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdas e ganancias adxunta. Ata que se cumpran as condicións para considerar a totalidade da subvención como non reintegrable, mantense rexistrada como pasivo nos epígrafes "Débedas a longo prazo - Outros pasivos financeiros" e "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance por importe de 37.000 e 65.000 euros, respectivamente (102.000 e 62.000 euros, respectivamente no 2023).

Con data 21 de novembro de 2022 o Ministerio de Ciencia e innovación resolveu o procedemento de concesión de axudas a proxectos de liñas estratéxicas dentro do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2021-2023, concedendo a Sociedade 76.121 euros, de acordo coa prioridade temática de "Novos enfoques para comprender os mecanismos e establecer novas estratexias para a inmunoterapia do cancro de tumores sólidos". Ao peche do exercicio 2024 a Sociedade rexistrou un ingreso por importe de 43.452 euros no epígrafe "Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdas e ganancias adxunta (25.374 euros no 2023). Ata que se cumpran as condicións para considerar a totalidade da subvención como non reintegrable, mantense rexistrada como pasivo no epígrafe "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance polo mesmo importe de 25.374 euros, respectivamente. (No 2023 rexistrábase en "Débedas a longo prazo - Outros pasivos financeiros" e "Débedas a curto prazo - Outros pasivos financeiros" do balance polo mesmo importe de 25.374 euros, respectivamente).

Con data 8 de xullo de 2020 a Axencia Galega de Innovación, concedeu unha subvención de explotación de carácter plurianual no ámbito da fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i (programa Talento senior) por importe de 65.738 euros. Ao peche do exercicio 2023 a Sociedade rexistrou un ingreso por importe de 20.086 euros no epígrafe "Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdas e ganancias.

A Consellería de Emprego e Igualdade, dentro do Plan de financiamento do Programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación, concedeu en marzo de 2022 unha axuda por importe de 51.163 euros, correspondendo ao ano 2022 un importe 34.108 euros rexistrados como ingreso no epígrafe "Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdas e ganancias adxunta. Con data 19 de febreiro de 2024 recíbese resolución de perda de dereito ao cobro por importe de 5.258 euros rexistrándose un importe 11.797 euros no ano 2023 rexistrados como ingreso no epígrafe "Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio" da conta de perdas e ganancias adxunta, e un saldo a pagar a favor da administración pública polo importe a devolver rexistrado no epígrafe "Outras débedas coas Administracións Públicas" do balance de situación.

Ao 31 de decembro de 2024 atopábanse pendentes de cobro subvencións concedidas por importe de 4.777.587 euros (2.893.535 euros en 2023) (Nota 10).

14. Feitos posteriores o peche

O 24 de febreiro de 2022 Rusia iniciou unha operación militar de invasión a gran escala de Ucraína, o que derivou na aplicación por parte da Unión europea de fortes sancións comerciais e financeiras que derivou nun forte impacto na estabilidade económica mundial. Neste contexto, a Sociedade non ten negocios nin operacións directas en Ucraína nin en Rusia. Os Administradores da Sociedade consideran que a situación de crise descrita pode provocar incrementos nos custes de materiais e enerxía que en ningún caso deben afectar de forma importante na actividade da Sociedade. Dende a Sociedade estase traballando nun constante seguimento da situación, traballando estreitamente cos provedores para tratar de minimizar calquera posible interrupción nos subministros. Á data de formulación das presentes contas anuais no se manifestou ningún acontecemento que afectará ao desenvolvemento normal da actividade da Sociedade.

O 8 de febreiro de 2024 publicouse no BOE a Resolución do 7 de febreiro de 2024, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 6 de febreiro de 2024, polo que se aproba o incremento do 0,5 por cento nas retribucións do persoal ao servizo do sector público en aplicación do previsto no artigo 19.Dous.2.b) da Lei 31/2022, do 23 de decembro. O incremento previsto nesta resolución aplicarase con efectos do 1 de xaneiro de 2023, calcularase sobre as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2022 e foi aboado no mes de febreiro de 2024 por importe de 43.465 euros.

Cabe sinalar que durante o exercicio 2023 e 2024, presentáronse por parte dun número de traballadores unha serie de reclamacións de grado inicial onde solicitáse un recoñecemento do dereito á carreira profesional. O importe de tales demandas resulta indeterminado.

15. Operacións con partes vinculadas

Saldos-

A Sociedade, como empresa adscrita ao Servizo Galego de Saúde (SERGAS), mantivo con Hospitais e organismos dependentes do mesmo ente os seguintes saldos do activo e pasivo do balance adxunto ao 31 de decembro de 2024 e 2023:

	Euros			
	2024		2023	
	Debedores	Acredores	Debedores	Acredores
Área sanitaria de Santiago de Compostela	21.660	-	21.660	-
Área sanitaria de Ferrol	-	-	-	-
Área sanitaria A Coruña	31.825	-	31.825	-
Área sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	-	(11.592)	-	(11.592)
Área sanitaria de Ourense	-	-	-	-
Área sanitaria de Vigo	224.585	-	224.585	-
Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés	61.632	-	61.632	-
Servizo Galego de Saúde	-	(1.114.107)	-	(1.837.271)
Deterioro de valor de créditos por op. comerciais con vinculadas	(328.110)	-	(328.110)	-
	11.592	(1.125.699)	11.592	(1.848.862)

Transaccións-

As principais transaccións realizadas durante os exercicios 2024 e 2023 coas empresas do Grupo e vinculadas foron as seguintes (Véxase Nota 2.e):

	Euros			
	2024		2023	
	Subvencións de explotación	Servizos recibidos	Subvencións de explotación	Servizos recibidos
Área sanitaria de Santiago de Compostela	1.005.325	152.550	1.026.125	187.141
Área sanitaria de Ferrol	224.312	-	168.946	-
Área sanitaria A Coruña	1.096.342	-	1.114.579	-
Área sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	1.645.059	-	1.383.565	-
Área sanitaria de Ourense	2.699.221	597.158	2.505.401	545.721
Área sanitaria de Vigo	11.921.070	2.886.407	9.770.048	1.649.059
Área sanitaria de Pontevedra e O Salnés	1.276.179	-	1.187.923	-
Servizo Galego de Saúde	1.377.865	-	1.657.208	-
Fundación Biomédica Galicia Sur	-	-	-	-
Consellería de Emprego e Igualdade	-	-	11.797	-
Axencia Galega de Innovación	-	-	20.086	-
Consellerías de Economía e Cultura	62.000	-	28.000	-
Consellería da Presidencia, Administracións públicas e Xustiza	-	49.315	-	46.687
	21.307.373	3.685.430	18.873.678	2.428.608

Outra información sobre partes vinculadas-

Durante os exercicios 2024 e 2023 os membros do Consello de Administración non percibiron importe algún en concepto de retribucións e dietas. A retribución da alta dirección da Sociedade durante o exercicio 2024 ascendeu a 155.070 euros (139.761 euros no exercicio 2023).

Así mesmo, a Sociedade non concedeu anticipos ou créditos nin contraído compromisos en materia de plans de pensións, seguros de vida ou outros similares cos Administradores nin coa alta dirección da Sociedade.

O Consello de Administración está formado por oito persoas, das que catro son mulleres.

Os membros do órgano de administración non informaron da existencia dalgunha situación de conflito, directo ou indirecto, que puideran ter coa Sociedade, tal e como establece o artigo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

16. Outra información

Detalle de persoal-

Durante os exercicios 2024 e 2023, o número medio de persoas empregadas, distribuído por categorías e xénero foi o seguinte:



	2024			2023		
	Número de Empleados	Homes	Mulleres	Número de Empleados	Homes	Mulleres
Alta dirección	2,00	1,00	1,00	2,00	1,00	1,00
Equipo directivo	3,00	2,00	1,00	3,00	2,00	1,00
Facultativo especialista	40,45	19,53	20,92	39,47	18,61	20,86
Titulado grao superior non sanitario	15,53	5,16	10,37	13,55	4,41	9,14
Titulado grao medio sanitario	28,33	5,55	22,78	27,95	6,55	21,40
Titulado grao medio non sanitario	6,55	2,00	4,55	4,81	2,00	2,81
Técnico FP superior sanitario	65,46	16,80	48,66	64,32	15,66	48,66
Técnico FP superior non sanitario	12,65	3,93	8,72	11,43	4,37	7,06
Técnico FP básico sanitario	8,46	0,11	8,35	6,83	0,14	6,69
Técnico FP básico non sanitario	22,03	3,12	18,91	22,19	3,00	19,19
Outro persoal sen titulación	8,18	1,96	6,22	7,46	2,57	4,89
	212,64	61,16	151,48	203,01	60,31	142,7

Incluído no cadro anterior, o número medio de persoas empregadas no curso do exercicio con discapacidade maior o igual do 33% por categorías é o seguinte:

	Número de Empleados	
	2024	2023
Facultativo especialista	1,00	0,96
Titulado grao medio sanitario	1,00	1,01
Titulado grao medio non sanitario	1,00	1,00
Técnico FP superior sanitario	2,09	2,00
Outro persoal	0,34	-
	5,43	4,97

Ao 31 de decembro de 2024, o cadro de persoal ascendía a 228 persoas (207 en 2023). O detalle do cadro de persoal e membros do Consello de Administración da Sociedade ao 31 de decembro de 2024 e 2023 é o seguinte:

	31.12.2024			31.12.2023		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Consello de Administración	8	4	4	8	3	5
Alta dirección	2	1	1	2	1	1
Equipo directivo	3	2	1	3	2	1
Facultativo especialista	42	22	20	40	19	21
Titulado grao superior non sanitario	17	7	10	15	5	10
Titulado grao medio sanitario	29	5	24	26	7	19
Titulado grao medio non sanitario	6	2	4	5	2	3
Técnico FP superior sanitario	70	18	52	62	15	47
Técnico FP superior non sanitario	14	4	10	12	4	8
Técnico FP básico sanitario	7	1	6	7	-	7
Técnico FP básico non sanitario	22	4	18	20	3	17
Outro persoal sen titulación	8	2	6	7	2	5
	228	72	156	207	63	144

Gasto de auditoría-

Dentro do epígrafe "Outros gastos de explotación - Servizos exteriores" da conta de perdas e ganancias adxunta inclúense honorarios relativos a servizos de auditoría de contas da Sociedade por importe de 6.655 euros (IVA incluído) (mesmo importe no 2023).

17. Información sobre dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

A Sociedade non dispón de ningunha partida que conforme ao establecido na Resolución do 8 de febreiro de 2006 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, debera de rexistrarse dentro do epígrafe do balance correspondente a Inmobilizacións Intanxibles baixo a denominación "Dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro".

18 Información sobre o período medio de pago a provedores.

Disposición Adicional Terceira. "Deber de información" da Lei 15/2010, de 5 de Xullo-

A continuación presentase a información sobre os importes pagados durante o exercicio 2024 a provedores comerciais e de servizos (incluídas, no seu caso, as empresas vinculadas da Sociedade), e os pagos aprazados a provedores comerciais e de servizos pendentes de desembolso ao 31 de decembro de 2024. Dita información calcúlase segundo o establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e segundo o recollido na Resolución de 29 de xaneiro de 2016 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, sobre a información a incorporar na memoria das contas anuais en relación co período medio de pago a provedores en operacións comerciais:

	Días	
	2024	2023
Período medio de pago a provedores (en días)	35	28
Ratio de operacións pagadas	31	30
Ratio de operacións pendentes de pago	45	6
	Importe (Euros)	Importe (Euros)
Total pagos realizados	4.834.318	5.657.637
Total pagos pendentes	1.621.160	341.831

O prazo máximo de pago aplicable á Sociedade segundo a Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que establécense medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e conforme ás disposicións transitorias establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo, e as modificacións introducidas polo Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, posteriormente validado pola Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, é de 60 días para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022, tendo en conta o disposto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, a cal foi desenvolvida pola Resolución de 29 de decembro de 2010 do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e tendo en conta o establecido na Disposición Transitoria Segunda da citada Resolución e segundo os pronunciamentos da Junta Consultiva de Contratación Administrativa (dependente do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas) no seu informe 58/11, de 23 de maio, así como do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales na súa Resolución 64/2011, de 9 de marzo, consonte os cales os contratos que subscriban os poderes adxudicatarios que non sexan Administracións Públicas de acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto Lei 3/2011, de 16 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, terán a consideración de xurídico – privados.

GALARIA, empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.U.

Informe de Xestión correspondente ao exercicio anual terminado o 31 de decembro de 2024

Evolución do negocio e situación da Sociedade-

O ano 2024 estivo marcado por fitos significativos, como a posta en marcha do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia e a nova unidade PET no Hospital N.S. de Cristal. Ademais, rexistrouse un incremento da demanda asistencial en todas as unidades, o desenvolvemento de proxectos de economía circular e a implementación do plan dotacional de Montecelo. Porén, o aumento de custos e as dificultades de financiamento representaron un reto importante.

A crecente demanda nas diferentes unidades asistenciais e unha maior produción de doses por parte do Centro de produción de radiofármacos PET (Cidotrón), xunto coa necesidade de manter os niveis de lista de espera determinan que, ao igual que 2023, se realice unha maior actividade, moi por encima da fixada no contrato programa asinado entre Galaria e o Servizo Galego de Saúde (Sergas). Isto xerou unha maior necesidade de recursos humanos e materiais que sumado aos maiores custos dos aprovisionamentos e servizos provocan unha maior necesidade de financiamento por parte da Sociedade. Neste sentido, o mantemento do mesmo orzamento que en 2023 (unicamente aumentado polo importe aprobado en concepto incremento salarial para o persoal de cadro autorizado) supuxo a necesidade de financiamento adicional.

A segunda addenda ao contrato programa, aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 27 de decembro de 2024, incluíu 3.685.292 euros para esta actividade adicional e 50.000 euros para o proxecto de economía circular. Non obstante, nesta Addenda non se incorporou a totalidade do financiamento solicitado ó quedar fora diferentes proxectos encargados a Galaria por importe total de 553.806 euros:

- Parte do financiamento dos custos asociados a posta en marcha do Centro de fabricación de terapias avanzadas/medicamentos CAR-T,
- colaboración na posta en marcha do centro de protóns
- e Proxecto X-Dose.

Accións máis significativas no 2024-

- Actividade asistencial en oncoloxía radioterápica, diagnóstico por imaxe (unidades móbiles) e medicina nuclear, incluíndo a nova unidade PET no Hospital N.S. de Cristal, dando cobertura a máis de 1.250.000 persoas no sur de Galicia.
- Avanzouse no proxecto de creación e posta en marcha dun Centro de fabricación propia de terapias avanzadas / medicamentos CAR-T iniciado a finais de 2020, e actualmente en fase de certificación de instalacións e inicio de actividade.
- A través da súa división de Consultoría, mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS) e seguiu prestándolle asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, adquisición, organización e xestión de recursos asistenciais, ademais de colaborar coa Dirección de Recursos Económicos na xestión integrada dos proxectos e obras que promove a administración sanitaria de Galicia. Así mesmo, o servizo participou en diversos grupos de traballo vinculados a proxectos de adquisición promovidos pola Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, iniciando a súa colaboración no desenvolvemento do plan dotacional do novo Hospital de Montecelo.
- Mediante o servizo de Radiofísica e a Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), se levou a cabo o control de calidade e a medición de niveis de radiación de parte importante das instalacións de radiodiagnóstico da rede hospitalaria pública de Galicia e está desenvolvendo o proxecto X-Dose que permite medir a radiación dos pacientes galegos sometidos a calquera exploración diagnóstica que emita radiación, cumprindo así a normativa europea ao respecto.

- Mantívose a produción regular e o subministro de Fludesoxiglucosa marcada con flúor-18 (FDG) e de F18-Colina na Unidade de Radiofármacos PET de Galicia (Ciclotrón) destinados aos hospitais do Servizo Galego de Saúde e ao Centro Oncolóxico de A Coruña dotados con equipos de diagnóstico por PET.
 - Seguiu participando na xestión da Unidade central de radiofarmacia (Ordes), onde se producen radiofármacos para as gammacámaras do sistema sanitario galego garantindo así o seu subministro para as probas diagnósticas e tratamentos das unidades de medicina nuclear.
 - Continuou coa xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, na que se centraliza a cita previa telefónica dos centros de atención primaria de Galicia e a solicitude de reprogramación / anulación de citas no ámbito da atención primaria e especializada
 - Colabora e participa coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica no proceso de xestión nos departamentos de recursos humanos e contratación-administrativa.
 - No 2024 continuouse co desenvolvemento do proxecto de implantación do Centro de Protonterapia de Galicia. Unha vez adxudicado o expediente de contratación polo Ministerio de Sanidade e asinado o contrato coa empresa IBA para o subministro de dez equipos de protonterapia destinados aos diferentes centros que se instalarán en España, así como o contrato de proxecto e obra coa empresa Copasa, avanzouse de forma notable nas actuacións previstas para o Centro de Protonterapia de Galicia. Ao longo de 2024, completáronse os traballos de acondicionamento previo da parcela e construíuse un aparcadoiro provisional. Tamén se iniciou a execución da primeira fase da obra, correspondente á parte de edificación convencional, incluíndo o movemento de terras e a preparación da cimentación do edificio e das instalacións auxiliares. Paralelamente, avanzouse na execución da parte bunkerizada, que comprende dous búnkers, actualmente en proceso de finalización da súa estrutura.
- Desde Galaria, participou activamente nas comisións de seguimento impulsadas polo Ministerio, as comunidades autónomas e IBA, e levouse a cabo a coordinación do proxecto de obra con IBA e Copasa, no marco dun convenio específico asinado coa Fundación Sanitaria de Santiago..
- Por último, unha vez elaborada e presentada a estratexia de economía circular do Sergas, procedeuse á súa difusión a distintos niveis: autonómico, nacional e internacional. Galaria continuou impulsando o desenvolvemento de proxectos vinculados á economía circular no ámbito sanitario. Neste contexto, participa xunto con outros organismos públicos e entidades sociais nun proxecto europeo de carácter ambiental, económico e cultural, cuxo obxectivo é integrar deseño, sustentabilidade, accesibilidade e estética para contribuír ao cumprimento do Pacto Verde Europeo. Este proxecto coñécese como New Bauhaus, do que o Sergas é partner oficial. Así mesmo, Galaria colabora activamente noutras iniciativas como o cálculo da pegada de carbono nos hospitais da rede do Sergas, a descarbonización do Sistema Nacional de Saúde, e a elaboración e presentación de propostas para novos proxectos.
 - No exercicio 2024, a Sociedade mantivo a acreditación conforme a norma internacional ISO 9001:2008

Actividade Asistencial-

O incremento da demanda asistencial é o principal factor que determina a evolución da actividade do 2024 superándose incluso os niveis de 2023.

1.- Diagnóstico por Imaxe

Mantivéronse elevados niveis de actividade. A unidade conta neste momento con tres equipos de alto campo cun imán de 70 cm de diámetro que facilita o confort do paciente, o tempo que garantiza altos niveis de calidade na imaxe. Cómpre destacar que a última resonancia móbil adquirida no ano 2023 incorpora algoritmos de intelixencia artificial no proceso de adquisición de imaxes, o que permite reducir significativamente os tempos de exploración e mellorar aínda máis a calidade das imaxes obtidas, optimizando así tanto a eficiencia coma a experiencia asistencial.

A demanda autorizada polo Consello para os distintos centros hospitalarios foi superiores aos 30.000 estudos. Para poder dar resposta a esta carga asistencial, foi necesario manter durante el año 2024 un cuarto equipo de resonancia magnética móbil de alto campo, garantizando así a cobertura da demanda.

Priorizouse a realización de estudos de RM nos sete hospitais comarcais de Galicia, permitindo reducir os desprazamentos innecesarios dos pacientes e garantindo unha atención diagnóstica de alta calidade cun tempo medio de espera inferior a 30 días en todos eles. Ademais, reforzouse a colaboración cos hospitais de Vigo,



Pontevedra, A Coruña e Lugo, onde se levaron a cabo máis de 11.000 estudos de RM ao longo de 2024, cubrindo a totalidade das probas incluídas no catálogo da Sociedade Española de Radioloxía Médica e destacando o aumento na demanda de probas complexas, como a RM de próstata.

Ademais, continuouse coa colaboración co Hospital de Ferrol, iniciada en 2023, para a elaboración de informes de resonancia, estendéndose este ano ao Hospital da Costa en Burela, superando os 5.000 informes de resonancia realizados en 2024. Esta iniciativa permite maximizar a capacidade dos equipos instalados nos hospitais públicos de Galicia e reduciros tempos de espera para os pacientes.

Tamén no ano 2024, a Unidade de Diagnóstico por Imaxe acadou a renovación da Certificación de Calidade en ISO 9001, celebrando este ano os 20 anos ininterrompidos da certificación da calidade.

2.- Medicina Nuclear

2.1- Medicina Nuclear Vigo

A posta en marcha do novo equipamento no marco do Plan INVEAT de renovación de tecnoloxía sanitaria de alta gama -en concreto, tres gammacámaras SPECT/CT de última xeración e un novo equipo PET/CT, cuxa instalación rematou en setembro de 2023- supuxo durante o ano 2024 un salto cualitativo moi relevante tanto na calidade da imaxe clínica obtida como na optimización dos tempos de exploración por paciente, permitindo unha atención máis eficiente e precisa.

A Unidade de Medicina Nuclear (MN) de Vigo, a pesar do período de adaptación aos novos equipos, mantivo un nivel estable de actividade, cun total de 3.429 pacientes diagnosticados en 2024 fronte aos 3.457 atendidos en 2023 e a lista de espera para procedementos diagnósticos mantívose en valores baixos, cunha espera media de 22 días para estudos iniciais e 23 días no cómputo global.

No ámbito da Terapia Metabólica, realizáronse un total de 187 tratamentos ao longo de 2024 (109 con ingreso hospitalario e 78 en réxime ambulatorio), en comparación cos 115 tratamentos de 2023, o que representa un incremento do 38,5%. Destaca especialmente o crecemento das denominadas terapias de "teragnose", que se dirixen a un órgano diana previamente diagnosticado mediante PET/CT, cun incremento global do 38%. Entre estas:

- as terapias en Tumores Neuro-endócrinos con 177Lu-Lutathera aumentaron a 35 ciclos administrados, fronte aos 25 de 2023;
- iniciáronse as terapias con Lu-177 PSMA-Pluvicto, con 8 ciclos administrados;
- as terapias con 223Ra incrementáronse a 77 ciclos fronte aos 43 do ano anterior;
- e comezouse a aplicar a terapia intratumoral con 90Y.

En relación coa actividade no equipo PET/CT, durante 2024 atendeu un total de 4.024 pacientes, o que representa unha redución do 6,6% respecto ao ano anterior (4.307). Esta diminución débese á apertura da nova Unidade PET/CT en Ourense en abril de 2024, que absorbeu parte da demanda, reducindo así a carga asistencial no Hospital do Meixoeiro, onde ata ese momento se realizaban todas as exploracións PET/CT de Ourense. A espera media situouse en 14,6 días para estudos iniciais e en 22 días no total de pacientes atendidos, cunha demora máxima de 28 días e 170 pacientes en lista de espera (168 en 2023). No caso da F-Colina, a demora media foi de 22 días (fronte aos 30 de 2023), cunha espera máxima de 39 días (81 en 2023) e 14 pacientes en lista de espera (en comparación cos 40 do ano anterior).

No referente á introdución de novas probas, en 2024 continuouse coa realización de prestacións conxuntas PET/CT con contraste radiolóxico en patoloxía tumoral pulmonar. Esta técnica busca combinar nun mesmo estudo as exploracións TAC e PET, reducindo así a necesidade dunha segunda cita para o paciente e favorecendo a colaboración multidisciplinar entre os servizos de Neumoloxía, Radioloxía de tórax e Medicina Nuclear.

En canto á ampliación da carteira de servizos, en 2023 incorporouse a técnica PET-FDG PSMA para o diagnóstico de cancro de próstata, realizándose 29 estudos. En 2024, esta cifra incrementouse de forma significativa ata os 130 procedementos, o que representa un aumento do 313%.

En relación con Ga-68 DOTATOC para o diagnóstico de tumores neuro-endócrinos, en 2024 realizáronse 160 procedementos fronte 129 procedementos no ano 2023 o que supón un incremento dun 24%.

2.2.- Medicina Nuclear Ourense

A actividade desenvolvida pola Unidade de Medicina Nuclear de Ourense mantívose en niveis similares aos de 2023, pasando de 3.049 pacientes atendidos a 3.017 en 2024, o que supón un lixeiro descenso do 0,01%. Este descenso atribúese á inestabilidade no cadro de persoal facultativo e sanitario, o que obrigou a reducir a

actividade programada en varios períodos de 2024 e a trasladar profesionais desde Vigo para garantir a continuidade do servizo.

A pesar desta situación, conseguiuase manter o obxectivo de manter unha ratio de entradas/saídas inferior a 1, obtendo un resultado final de 0,75. Ademais, a lista de espera reduciuse significativamente respecto ao ano anterior. A finais de 2024, o tempo de espera para probas iniciais situouse en 14 días (frente aos 26 de 2023), a espera media total foi de 20 días (26 en 2023) e a espera máxima reduciuse de 124 días en 2023 a 74 en 2024. O número total de pacientes en lista de espera tamén diminuíu, pasando de 177 en 2023 a 120 en 2024.

Tal e como se mencionou anteriormente, en abril de 2024 púxose en marcha a nova unidade PET/CT nun edificio diferente (N.S. do Cristal) respecto da unidade de medicina nuclear (Gammacámaras), que segue operativa no Hospital Santa María Nai. Este novo equipo dispón de todos os medios necesarios para a súa programación convencional e conta cos certificados requiridos polo Consello de Seguridade Nuclear. Actualmente, a unidade PET/CT dispón dun celador, un DUE e un técnico en imaxe, estando pendente a incorporación dun facultativo especialista en Medicina Nuclear.

Dende a súa posta en funcionamento en abril, esta nova unidade atendeu 935 pacientes, rematando o ano cun total de 101 pacientes en lista de espera e cunha programación media de 7 pacientes diarios.

3.- Oncoloxía Radioterápica

En 2024, a actividade da Unidade de Oncoloxía Radioterápica rexistrou un incremento destacado como consecuencia do aumento da demanda asistencial, converténdose no ano con maior volume de tratamentos realizados ata o momento. Finalizáronse un total de 2.988 procedementos, superando os 2.863 de 2023 e os 2.521 de 2022, o que representa un crecemento global do 19%. Cómpre salientar, dentro deste aumento, o incremento do 27% na área de Teleterapia, consolidando esta modalidade como a máis demandada e reflectindo o reforzo das capacidades técnicas e asistenciais do servizo.

En detalle, do total de tratamentos realizados en 2024: 2.664 correspondéronse con Teleterapia, 155 con Radiocirurxía e 169 con Braquiterapia.

Mantívose tamén o incremento das técnicas de intensidade modulada de doses (IMRT), que xa experimentaran unha subida significativa en anos anteriores grazas á incorporación de novos equipos de radioterapia. No 2024, o número de pacientes tratados con esta tecnoloxía pasou de 1.617 en 2023 a 1.728, representando o 74% do total de tratamentos, todos eles aplicados mediante arcoterapia volumétrica (VMAT). Este dato reflicte unha mellora progresiva na calidade asistencial, xa que a utilización de IMRT permite reducir complicacións postratamento ao empregar doses máis elevadas e dirixidas con maior precisión ao tumor, preservando os órganos sans circundantes. Ademais, esta optimización técnica permite tratar un maior número de pacientes no mesmo tempo operativo.

Como resultado desta elevada actividade asistencial, no 2024 o número total de saídas (3.105) foi lixeiramente superior ao número de entradas (2.993). O tempo de espera para radioterapia convencional ao peche do exercicio situouse en 30 días.

4.- Servizo de Radiofísica

Na área de radioterapia, instaláronse dúas novas licenzas no acelerador de electróns TrueBeam, que permitirán realizar un seguimento en tempo real dos movementos dos órganos durante o tratamento. Esta mellora tecnolóxica permitirá aumentar a seguridade e a eficacia dos procedementos, garantindo un maior control sobre os desprazamentos dos órganos tratados.

Na área de dosimetría clínica, deuse resposta á demanda asistencial cun total de 2.860 dosimetrías de radioterapia realizadas en 2024. Ademais, en colaboración coa Unidade de Oncoloxía Radioterápica, traballouse no desenvolvemento de novos protocolos clínicos e técnicas innovadoras. No ámbito da medicina nuclear, continuáronse as tarefas de control de calidade e participación en tratamentos con radiofármacos.

O Servizo de Radiofísica, en coordinación coa Unidade Técnica de Protección Radiolóxica (UTPR), mantivo a súa actividade habitual de protección radiolóxica nas instalacións de radiodiagnóstico, radioterapia e medicina nuclear da Área Sanitaria de Vigo. Así mesmo, o servizo foi inspeccionado satisfactoriamente polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN), confirmando o cumprimento dos estándares de seguridade.

Ao longo do ano 2024, continuouse o traballo co Departamento de Seguridade en coordinación co Corpo Nacional de Policía en aspectos relacionados coa seguridade das instalacións e procedementos.

Ademais, reforzouse a participación nas Comisións de Garantía e Control de Calidade en Radioterapia e na Comisión de Garantía e Seguridade en Medicina Nuclear, que seguiron consolidándose como espazos clave de coordinación entre os servizos de oncoloxía radioterápica, medicina nuclear, radiofísica e dirección asistencial.

A finais de 2024, a Área Sanitaria de Vigo anunciou a creación da Comisión de Garantía de Calidade en Radiodiagnóstico, na que participarán profesionais da UTPR e do Servizo de Radiofísica. O principal reto para 2025 será a actualización do Programa de Garantía de Calidade en Radiodiagnóstico para toda a Área Sanitaria de Vigo.

Ademais, o Servizo de Radiofísica forma parte do Núcleo de Seguridade da Área Sanitaria de Vigo, segundo o establecido na Estratexia Galega de Seguridade e Calidade Asistencial 2024-2028.

No ámbito da Seguridade e Saúde dos traballadores, o servizo participa activamente no Comité de Seguridade e Saúde de Galaria, desempeñando a presidencia, e traballa de forma coordinada coa Unidade de Prevención de Riscos Laborais da Área Sanitaria de Vigo e coa UTPR para garantir un entorno de traballo seguro e eficiente.

5.- Unidade de Protección Radiolóxica

Dende a súa creación, abril de 1995, a Unidade técnica de Protección Radiolóxica (UTPR) dedícase a protección radiolóxica no ámbito das instalacións de radiodiagnose Médica, conforme a súa autorización concedida polo Consello de Seguridade Nuclear (CSN),

A UTPR ocúpase da protección radiolóxica no ámbito do radiodiagnóstico nas Áreas de A Coruña, Ferrol, Pontevedra e Vigo, tamén nos Hospitais Comarcais de Verín e Valdeorras. Isto inclúe o deseño e desenvolvemento do programa de garantía de calidade de todo o equipamento emisor de raios X (radiodiagnóstico, quirófanos e intervencionismo) que inclúe controis de calidades iniciais, rutineiros anuais e tras intervención por reparación, a vixilancia e optimización das doses impartidas a pacientes, a formación continuada dos profesionais e o asesoramento en materia de protección radiolóxica e a vixilancia disimétrica dos traballadores expostos a radiacións ionizantes.

A UTPR realizou controis de calidade do equipamento radiolóxico incluíndo monitores de visualización da imaxe diagnóstica médica, así como todo tipo de soportes de imaxe dixital empregados en radiacións ionizantes producidos por todos os tipos de modalidade de imaxe radiolóxica existentes conforme ao establecido polo Protocolo Español de Control de Calidade en Radiodiagnose (versión 2011) e medicións na totalidade dos hospitais e Centros de saúde pertencentes as Áreas sanitarias de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Ferrol e Lugo e no Hospital comarcal de Valdeorras e Hospital de Verín da Área sanitaria de Ourense. Durante o 2024, realizáronse todos os servizos incluídos no Contrato Programa.

No ano 2024, hai que salientar os traballos de control sobre novos equipos destinados a atención primaria, de radioloxía xeneral e dental intraoral, derivada das compras que realizou o Sergas por medio de diferentes expedientes de contratación (principalmente plan MINAP). O papel desta Unidade foi moi importante, tanto no asesoramento, como na aceptación e supervisión da calidade dos novos equipos instalados.

A Unidade intensificou a actividade de formación continuada para os profesionais en materia de protección radiolóxica, en colaboración con ACIS, realizando cursos de autoformación dirixido a todas as categorías profesionais que realizaron con éxito máis de 3.000 traballadores do Sergas. Realizou tamén 10 edicións dun curso acreditado dirixido a técnicos superiores de diagnóstico pola imaxe, radiólogos e persoal de enfermería destinado en raios e 10 sesións formativas non acreditadas dirixidas na súa maioría a persoal dos servizos de intervencionismo.

Os datos de actividade do exercicio 2024 indican que a UTPR levou a cabo un total de 666 controis de calidade (incluíndo controis de calidade anuais, intervencións tras reparación ou axuste e estados de referencia inicial) de diferentes tipos de equipos incluídos na cadea de imaxe diagnóstica dixital dos Servizos de Radioloxía do Sergas.

Así mesmo, durante o ano 2024 continuouse coa posta en marcha do proxecto XEDOSE para a elaboración de un historial de indicadores dosimétricos dos pacientes que teñen que ser sometidos a unha proba con emisión de radiación e dar así cumprimento a normativa europea e española. Conectáronse e todos os equipos de nova instalación e deseñouse o contido e formato dos informes de análise de datos a realizar en base os datos recolectados. O lanzamento do resto do proxecto atópase a espera de que a Dirección de Asistencia Sanitaria presente o proxecto os servizos de radiodiagnóstico e estableza comités multidisciplinares de dose que asesoren e guíen a actuación de optimización. Este proxecto carece actualmente de financiamento específico tal e como se sinala ao inicio do informe de xestión

6.- División de Consultoría

Durante o ano 2024 a división de Consultoría proseguiu co seu labor de asesoramento continuado en planificación e adquisición de equipamento ao Sergas e á Consellería de Sanidade.

En canto a actividade realizada para a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Sergas, centrouse no apoio aos seus proxectos en marcha, que durante a anualidade tivo impacto en gran número de centros da comunidade autónoma gracias o incremento de peso de licitacións de dotación centralizadas de equipamentos. Entre outros destacan a elaboración de pregos para a dotación de equipamento electromédico para as Unidades de Reprodución Humana Asistida nas tres áreas de referencia para estas técnicas no Sergas, realizando os correspondentes informes de adxudicación.

Neste ano destacar a dotación do Hospital Novo Montecelo coincidindo coa fase final da obra. Dentro deste proxecto, elaboráronse expedientes de adquisición para ecógrafos, sistemas de monitorización e ventiladores para diversos servizos. Tamén cabinas de seguridade biolóxica, mesas de tallado e un Quirófano híbrido con destino ao novo Bloque Cirúrxico. No ámbito deste proxecto tamén se elaboraron os pregos para a adquisición do equipamento de Radiofísica na súa fase inicial, equipamento que é necesario para realizar o comisionado dos novos Aceleradores Lineais instalados no centro. Adicionalmente, realizouse un traballo de revisión do Plan de Investimentos da Fase Inicial do hospital Novo Montecelo, incluíndo a preparación de informe e a documentación do orzamento necesario en 2025 para a súa presentación no Consello da Xunta.

Un proxecto singular foi o da elaboración dunha proposta para a actualización do equipamento de terapia dos servizos de Oncoloxía Radioterápica de Galicia, cunha análise da situación actual e cunha proposta de actualización personalizada para cada equipo instalado.

Para a Dirección Xeral de Saúde Pública elaboráronse pregos de adquisición para equipamento de análise con destino ó Laboratorio de Metabolopatías do Hospital Clínico de Santiago. Tamén se realizou unha análise comparativa de custos para a Realización dun Programa de Cribado de Cancro de Pulmón con Tomografía Computarizada Móbil.

No respecto á actividade realizada para a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, finalizouse a elaboración da Estratexia de Oncoloxía de Precisión de Galicia, na que se realizou unha fase de análise de información e propostas de actuación, coordinouse e dinamizou o grupo de traballo, levou a cabo a discusión cos actores implicados e consolidación do documento e organizouse a xornada de presentación institucional e a primeira xornada de análise de experiencias de Comités Moleculares de Tumores consolidados como primeiro paso á implantación. Así mesmo, realizouse labor de apoio no arranque do funcionamento da Oficina Técnica de Oncoloxía de Precisión do Servizo Galego de Saúde.


Mantívose colaboración coa Axencia de Coñecemento e Innovación Sanitaria (ACIS), continuando coas labores de apoio na liña de colaboración no proxecto de Compra Publica Precomercial INNOVAMICROLAB e iniciouse o asesoramento nun novo plan de Innovación destinado a concorrer a convocatoria FID2024 Precisaude. Ademais colaborouse na fase de elaboración das propostas de dúas iniciativas de proxectos de Compra Pública Precomercial (CPP) para concorrer ás convocatorias Horizonte Europa

Respecto dos proxectos relacionados coa sostibilidade e a economía circular, dende a consultoría préstase apoio técnico e de soporte nos proxectos do Sergas que así o requiren. En concreto, realizáronse tarefas de coordinación no proxecto de Mobiliario Sostible, en colaboración co Clúster da Madeira, apoio e seguimento no proxecto Life Resystal e tamén no proxecto de Anestesia Sostible, promovendo ademais a incorporación de criterios de adxudicación medioambientais nos expedientes de licitación de equipamento electromédico e de alta tecnoloxía

Realizouse para o INGO un prego de prescricións técnicas para a adquisición dun equipo de tomografía de coherencia óptica.

No eido da xestión do sistema de calidade da empresa, continuouse coa evolución dos sistemas adaptados a ISO 9001:2015 tanto da Sociedade como da Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, S.A. Continuouse, así mesmo, co apoio para a acreditación mediante ISO 15189 da Fundación Publica Galega de Medicina Xenómica.

Respecto da Unidade Centralizada de Radiofarmacia de Galicia, S.A. prestouse apoio na definición das necesidades de ampliación do centro consistentes na execución dunha nova área administrativa e na ordenación dos espazos de apoio e das circulacións



7.- Unidade de produción de fármacos

7.1.- Centro de fabricación de terapias avanzadas de Galicia (CAR-T)

Avanzouse no proxecto de creación dun Centro de fabricación propia de terapias avanzadas / medicamentos CAR-T iniciado a finais de 2020. A terapia con células CAR-T (Chimeric Antigen Receptor T Cells) consiste en extraer as células T do paciente, modificalas xenéticamente no laboratorio para que recoñezan as células cancerixenas e volvelas a infundir ao paciente. Esta modificación permite que as células T do propio paciente recoñezan os receptores que se atopan nas células tumorais e as eliminen.

Durante 2021 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Sergas, Galaria e a Universidade de Santiago para a colaboración na posta en marcha do Centro de fabricación de terapias avanzadas e outros medicamentos de inmunoterapia celular avanzada de Galicia e a creación dunha unidade mixta de investigación na materia. Dentro deste ámbito asinouse un acordo de cesión por 4 anos das instalacións do antigo Instituto de Ortopedia e Banco de Tecidos Musculoesqueléticos situado no Monte da Condesa. Este acordo renovarase no 2025.

Así mesmo, asinouse un Convenio de colaboración entre o Sergas, o Hospital Clínic de Barcelona e Galaria para traballar conxuntamente na aplicación da tecnoloxía CAR-T en Galicia, e no desenvolvemento de ensaios clínicos con medicamentos CAR-T. Actualmente trabállase en colaboración co Clínic e co persoal do CHUS para o deseño e desenvolvemento do ensaio clínico ARI0003.

En decembro de 2021 publicouse no DOGA a encomenda de xestión do Servizo Galego de Saúde para o deseño e posta en marcha dun Centro de Produción de CAR-T en Galicia cun importe asignado de 2.373.400 euros. En outubro de 2023 publicouse no DOGA a ampliación da mencionada encomenda no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que incorpora o financiamento con fondos Feder React-UE, indica que o importe do investimento que se vai realizar ata finais de 2023 ascende a 3.000.000 de euros. O nivel de inversión realizado a 31 de decembro de 2023 aproxímase aos tres millóns de euros.

Durante 2023 realizouse a incorporación de novo persoal, concretamente cinco prazas entre técnicos de laboratorio e titulados superiores especialistas en terapias celulares. En decembro de 2024, incorporouse tamén un enxeñeiro industrial para coordinar as cualificacións e o mantemento de sistemas, instalacións e equipos do centro.

En marzo de 2023, asinouse un protocolo de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Sergas, Galaria, ACIS, as universidades galegas (USC, UDC e UVigo), a Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS), a Fundación Profesor Novoa Santos e a Fundación Biomédica Galicia Sur (FBGS), para a creación dunha unidade cooperativa de investigación en terapias avanzadas de Galicia. O obxectivo desta unidade é establecer unha rede colaborativa orientada ao desenvolvemento de proxectos de investigación en terapias avanzadas de Galicia.

En novembro de 2024, asinouse un convenio de colaboración entre ADOS e Galaria para a utilización de derivados sanguíneos de doantes no marco do proxecto de investigación "Terapia celular personalizada con células mieloides CAR-M ANTI-EGFR para tumores sólidos".

7.2.- Unidade de radiofármacos PET de Galicia

A tomografía por emisión de positróns (PET) é unha técnica de imaxe que utiliza radiofármacos PET (moléculas marcadas cun isótopo radioactivo emisor de positróns) para o seu uso diagnóstico con múltiples indicacións no campo da oncoloxía, cardiología, neuroloxía, etc. A demanda deste tipo de radiofármacos incrementa cada día debido á aprobación de novas indicacións ou á aparición de novos radiofármacos máis específicos.

O ciclotrón, que é o equipo principal da Unidade de Radiofármacos PET Galicia, é, basicamente, un acelerador de partículas, produtor dos isótopos radioactivos cos que se marcan as moléculas que lle van ser inxectadas ao paciente.

Dende novembro de 2008, a Unidade, dependente de Galaria, leva producindo regularmente e subministrando [18F]fluorodesoxiglucosa (FDG), marcada con flúor-18, en 2015 incorporouse na Unidade a elaboración e distribución do radiofármaco [18F]fluoroclina (FCOL), máis específico para o cancro de próstata. Estes radiofármacos Pet subministranse aos hospitais do Servizo Galego de Saúde que contan con equipos de exploración PET (Vigo, Santiago, Ourense e Lugo) e ao Centro Oncolóxico da Coruña.

A solicitude destas moléculas foise incrementando cada ano desde o seu inicio. No 2023, a produción total de

FDG foi de 13.008 doses, fronte as 11.670 doses do 2023. No caso da FCOL 1.097 en 2024 fronte os 1.053 de 2023.

En 2014 a Unidade recibiu da Consellería de Sanidade autorización para producir calquera radiofármaco PET que cumpra as normas esixidas pola AEMPS. En 2017 renvouse a autorización sanitaria como unidade de radiofarmacia. No 2019 a unidade conseguiu a certificación de cumprimento de Normas de Correcta Fabricación por parte da AEMPS para a FDG e a FCOL, renovando o certificado no 2022. No 2019 conseguiu autorización por parte da AEMPS para a fabricación non industrial destes dous radiofármacos. En 2024 a AEMPS pasou a considerar aos radiofármacos PET en unidades de radiofarmacia públicas como medicamentos de fabricación non industrial. Actualmente esta unidade é a única unidade de radiofarmacia pública en España que elabora e distribúe radiofármacos PET a diferentes hospitais da mesma comunidade

Respecto a modernización das instalacións, no 2024 actualizouse o ciclotrón para poder aumentar a súa capacidade de produción, tendo en conta a aparición de novos PETs na comunidade galega aos que prestar servizo. Ademais, adquiriuse un módulo de síntese para aumentar a carteira de radiofármacos con posibilidade de elaborar radiofármacos marcados con carbono-11, e unha nova cela e módulo de dispensación (para a súa instalación no 2025) para renovar o equipamento necesario para a produción rutinaria.

8.- Plataforma multiservizo Saúde en Liña

A Sociedade mantivo durante o ano 2024 a xestión da plataforma multiservizo Saúde en Liña, garantindo a atención telefónica para a reprogramación e anulación de citas no ámbito da atención especializada. Ao longo do exercicio, atendéronse un total de 387.698 chamadas, cifra lixeiramente inferior ás 403.330 rexistradas en 2023. Delas, 84.870 estiveron relacionadas coa concertación de citas en atención primaria e 153.580 con atención especializada (en 2023 foron 109.996 e 144.513, respectivamente). A lixeira diminución no número total de chamadas atendidas en 2024, respecto ao ano anterior, explícase pola substitución do sistema IVR (Resposta Vocal Interactiva) polo sistema CRM, que permite unha maior automatización na xestión das solicitudes e unha derivación directa das chamadas aos centros de Saúde, reducindo así a necesidade de intervención por parte dos operadores da plataforma Saúde en Liña.

Durante este período tamén se xestionaron os casos CRM 100 rexistrados fóra do horario de apertura dos centros, concretamente entre as 6:00 e as 8:00 horas, e entre as 21:00 e as 22:00 horas. Así mesmo, nos centros de saúde cunha xornada exclusivamente de mañá, a plataforma asumiu tamén a xestión dos casos xerados durante a tarde, entre as 15:00 e as 22:00 horas. En total, durante o ano 2024, atendéronse 23.296 casos a través deste servizo.

9.- Unidade Central de Radiofarmacia

No marco da súa participación na Unidade Central de Radiofarmacia de Galicia S.L. (con sede en Ordes), a Sociedade continuou durante o ano 2024 coa xestión e elaboración dos radiofármacos convencionais destinados ás unidades asistenciais de medicina nuclear do sistema sanitario galego, garantindo así o subministro seguro, eficaz e continuado destes produtos esenciais para o diagnóstico e tratamento dos pacientes.

Actividades en materia de investigación e desenvolvemento-

- A **Unidade de Diagnóstico por Imaxe** participou no Congreso Nacional de Radioloxía, presentando tres traballos no campo da resonancia, recibindo ademais un premio sobre un traballo presentado sobre resonancia de próstata.

Ademais, a unidade de Diagnóstico por imaxe logrou recoñecemento internacional ó recibir por primeira vez a invitación para realzar unha ponencia sobre as RM móbiles no Congreso da Sociedade Radiolóxica de Norteamérica (RSNA). Esta presentación destaca a eficiencia das unidades móbiles de RM na prestación de servizos de diagnóstico nos hospitais comarcais.

- A unidade de **Medicina Nuclear de Vigo**, participa a través do equipo PET/CT en tres ensaios vinculados con diferentes enfermidades oncolóxicas (cáncer de páncreas, próstata, hematoloxía en linfomas)
- A unidade de **Oncoloxía Radioterápica** participa no estudo BOADICEA (Breast and Ovarian Analysis of Disease Incidence and Carrier Estimation Algorithm), un modelo multifactorial de predición do risco de cancro de mama. O obxectivo principal é avaliar o risco de desenvolver cancro de mama a cinco anos vista e estudar o impacto económico que a súa aplicación podería ter no Sistema Nacional de Saúde.



Colabora xunto ca unidade de Radiofísica en proxectos EORTC QoL, no desenvolvemento de estudos sobre calidade de vida en pacientes oncolóxicos. En concreto, nos proxectos EORTC QoL Rectal Cáncer e EORTC QoL SurvivorShip (módulo SURV100), centrado en cerviz uterino, próstata e mama.

Proxecto europeo SAMIRA: a unidade colabora neste proxecto enfocado na implementación da Directiva 2013/59/Euratom nos estados membros da UE. Iniciado en 2021, SAMIRA busca establecer marcos comúns para a protección radiolóxica en medicina.

Proxecto europeo SINFONIA: en marcha desde finais de 2020, este proxecto céntrase na avaliación do risco asociado á exposición médica á radiación en tratamentos radioterápicos, especialmente en pacientes con linfoma ou tumores cerebrais. Con catro anos de duración, conta coa participación de máis dunha ducia de institucións europeas, sendo Galaria unha delas.

Protocolo de ensaio clínico para Alzheimer: a Unidade de Oncoloxía Radioterápica, en colaboración coa de Radiofísica, aprobou un protocolo para un ensaio clínico fase II de ámbito nacional e carácter multiinstitucional, orientado ao tratamento de pacientes con Alzheimer. Actualmente atópase pendente de financiamento.

Proxecto RETOS MINECO 2019 – MicroInmunoMAMA: estudo caso-control en pacientes recentemente diagnosticadas de cancro de mama, que inclúe tamén un ensaio clínico piloto con Mico-Mama tras o tratamento oncolóxico estándar (quimioterapia e radioterapia). O obxectivo é estudar os efectos deses tratamentos no microbioma, perfil metabólico, biomarcadores e calidade de vida, así como o desenvolvemento de nutracéuticos que modulen a resposta inmunitaria e a microbiota intestinal. O investigador principal é José Esteban Castela (IISGS), e participan as institucións LEITAT, HIFAS e IIS Galicia Sur. O proxecto estenderase ata 2024/2025 cun orzamento de 993.000 euros e representa unha das liñas principais de traballo do grupo.

- O Servizo de **Radiofísica** é unha unidade docente acreditada para a formación en Radiofísica Hospitalaria na Área Sanitaria de Vigo. No ano 2024, acolleu a formación de tres residentes propios e, ademais, dou acollida a un residente de Radiofísica do Hospital Universitario La Paz e a outro residente do Servizo de Oncoloxía Radioterápica de Vigo.

No ámbito académico, formalizouse un acordo coa Universidade de Santiago de Compostela, a través da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS), para que o alumnado do Grao en Física da USC poida realizar estadias formativas na Unidade de Radiofísica.

A nivel internacional, colaborouse co Organismo Internacional de Enerxía Atómica (OIEA) na formación dun radiofísico procedente de Moldavia, especializado en braquiterapia, que realizou unha estadia de varios meses no Hospital Meixoeiro.

En canto á actividade docente, o persoal da unidade participou como profesorado no "Diploma de Experto en Fundamentos de Física Médica" da Universidad Internacional de Andalucía. Ademais, impartíuse docencia no Grao en Enxeñaría Biomédica da Universidade de Vigo, na materia de Enxeñaría Clínica e Hospitalaria, así como no Máster en Enxeñaría Biomédica da mesma institución.

- No ano 2024 o persoal da **UTPR**, en colaboración co persoal do Servizo de Radiodiagnóstico de Ferrol, presentou un póster no congreso de la Sociedad Europea de Radioloxía ECR 2024: "Setting local dose reference levels in computed tomography (CT) with a dose management software". Ademais o persoal técnico superior presentou o póster "carga de trabajo a utilizar en los cálculos de protección radiológica de las salas TC con equipos de nueva xeración" no II Congreso Nacional de Técnicos Superiores Sanitarios – SETSS, "Técnicos Superiores Sanitarios: Avances e Innovación".
- En relación co ámbito medioambiental o departamento de **Consultoría** presentou no congreso anual da Sociedade Norteamericana de radioloxía (RSNA 2024) o póster electrónico: "Towards Greener Imaging: Evaluating Sustainability in Technology Procurement".
- Respecto o **Centro de fabricación propia de terapias avanzadas** ten firmado un Acordo Técnico de Fabricación co Hospital Clínic de Barcelona para a produción do medicamento CAR-T ARI0003 en ensaio clínico. Actualmente se está traballando en la posta a punto da fabricación en identidade entre os dous centros.

Galaria mantén unha intensa actividade investigadora no ámbito das terapias avanzadas, participando en múltiples proxectos de carácter estratéxico e colaborativo:

- Proxecto CART-SOL: financiado na convocatoria de proxectos en liñas estratéxicas 2022 da Axencia Estatal de Investigación. Este proxecto céntrase na combinación de terapia CAR-T con hidroxelos, e desenvólvese en consorcio coa Clínica Universidade de Navarra (CUN), o Centro de Investigacións Científicas (CIC-CSIC) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).
- Plan Complementario de Biotecnoloxía Aplicada á Saúde de Cataluña: Galaria participa como membro do equipo investigador nun proxecto liderado polo Hospital Clínic de Barcelona, centrado no desenvolvemento e aplicación de terapias CAR-T no marco deste plan estratéxico.
- Proxectos do Plan Complementario de Biotecnoloxía Aplicada á Saúde de Galicia:
 - CAR-M anti-EGFR: participación como entidade investigadora nun proxecto que busca desenvolver terapias celulares dirixidas contra tumores sólidos mediante células mieloides modificadas.
 - ALACARTA: colaboración como parte do equipo científico nun proxecto orientado ao desenvolvemento de novas aproximacións en terapias CAR-T, con foco en aplicacións personalizadas e innovadoras.

Doutoramentos industriais: actualmente, Galaria participa en dous doutoramentos industriais financiados pola Consellería de Economía, Industria e Innovación e pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Estes proxectos abordan:

- desenvolvemento dun novo CAR-T dirixido contra a proteína Claudina, como diana terapéutica en tumores gástricos e pancreáticos.
- deseño, optimización e fabricación de vectores non virais para a produción de células CAR-T, explorando alternativas seguras e eficientes aos sistemas de transfección convencionais.

Estas liñas de traballo sitúan a Galaria como un referente na investigación translacional en terapias celulares avanzadas a nivel autonómico e estatal.

- Respecto do **Centro de produción de radiofármacos PET**, a unidade participa no ensaio clínico "*Tumour heterogeneity studies based on dedicated breast PET using proliferation radiotracers: early detection of the treatment response*" [EUCT number:2024-512152-38-00, Protocol code:MIBIOTIMI], promovido pola Fundación Instituto De Investigación Sanitaria De Santiago De Compostela (FIDIS).

Tamén participa, dende o 2023, no proxecto GALLAECIA-PET, en colaboración con varias entidades galegas e portuguesas para a innovación da tecnoloxía PET e desenvolvemento de novos radiofármacos

Evolución previsible da Sociedade-

Durante o ano 2025, a Sociedade ten previsto continuar co desenvolvemento das mesmas actividades asistenciais e non asistenciais que vén realizando, consolidando así as liñas estratéxicas iniciadas en exercicios anteriores. Entre os fitos máis relevantes previstos para este período destaca o inicio da actividade do Centro de Fabricación de Terapias Avanzadas de Galicia (CAR-T), un proxecto clave no eido da innovación terapéutica.

Así mesmo, está prevista unha importante inversión destinada á adquisición dunha cuarta resonancia magnética móbil de última xeración. Esta nova incorporación permitirá reforzar a capacidade asistencial da Sociedade, dando resposta á crecente demanda de estudos de resonancia magnética e mellorando a accesibilidade e a calidade da atención prestada en toda a rede asistencial galega.

Adquisicións de accións propias-

Durante o exercicio 2024 a Sociedade non realizou operacións con accións propias.

Uso de instrumentos financeiros pola Sociedade-

A Sociedade realiza o financiamento dalgúns investimentos mediante arrendamentos financeiros.


Durante o exercicio 2024, a Sociedade non realizou operacións con derivados financeiros.

FORMULACIÓN DE CONTAS ANUAIS E INFORME DE XESTIÓN


En proba de conformidade figuran a continuación as firmas de todo os membros do Consello de Administración da Sociedade que, en reunión celebrada o 31 de marzo de 2025, formulan as Contas anuais de GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.U. que comprenden o balance, a conta de perdas en ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria ao 31 de decembro de 2024 e o informe de xestión, expostos nas 59 páxinas precedentes, e todo correspondente ao exercicio 2024.


X




D. Antonio Gómez Caamaño
Presidente

Dña. José Ramón Parada Jorgal
Vogal

D. José María Barreiro Díaz
Vogal

Dña. Natalia Lobato Mosquera
Vogal

D. Carmen Durán Parrondo
Vogal

D. María del Mar Pousa Cobas
Vogal

Dña. Amparo Pousada Soliño
Vogal

Dña. Alfredo José Silva Tojo
Vogal

